29.- Contencioso. Expediente nº 12920/111
Sentenza nº 495 do 15 de setembro de 2021
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Ordinario: 257/2020
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: Resolución do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que aproban as liquidacións dos centros de día de Teis, Coia e Valadares, dos exercicios 2018, 2019 e 1º semestre 2020.
Expte(s): 203494/301
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme pero si coincidente con outras anteriores sobre os centros de día, desestima o noso recurso, sen custas (por concorrer dúbidas de dereito).

Amais da cuestión competencial, na parte final do FD 6º inclúese unha consideración sobre a inacción e/ou a incongruencia da actuación municipal antecedente, e outra sobre a diferente situación dos centros de día de Coia e Teis (en relación co de Valadares) o que debe levar a unha reflexión sobre o que é xestión e o que é derivable á vía contenciosa.

O departamento de Servizos Sociais debe coñecer o resolto e informar con urxencia sobre a eventual casación.

30.- Contencioso. Expediente nº 13228/111
Sentenza nº 164 do 1 de setembro de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 278/2020
Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Resolución ditada o 23/07/2020 (Seguridade), que desestima o R. Reposición para o mantemento da licenza de vado.

Expte(s): 111877/210

Contía: 246,37 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso e anula o acto impugnado (revisión de oficio do vado) e declara "a vixencia da licenza outorgada o 41-11-1989" (da que non se atopou expediente administrativo) que só pode referirse ao dominio público viario municipal (á marxe de cuestións, entre privados, de servidumes entre predios extramunicipais).

O departamento de Seguridade debe executar o xudicialmente resolto, en tempo e forma.

31.- Contencioso. Expediente nº 12431/111

Sentenza nº 494 do 15 de setembro de 2021

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 14/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Expte(s): 4972-243

Contía: 136.637,71 €

Esta sentenza desestima a apelación do demandante contra a sentenza 301/2019 de instancia que é confirmada, con custas taxadas de oficio.

O servizo de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

RCA orixe: 254/2017 P.O. Xulgado do Contencioso-Administrativo no 1 de Vigo

Obxecto: Resolución de 26-6-2017

RPA, caía da rúa Girona o 19-4-2014

Expte(s): 4972-243

Contía: 136.637,74

Sentenza nº 301 do 7 de outubro de 2019

Desestimatoria.

32.- Contencioso. Expediente nº 13637/111

Sentenza nº 166 do 30 de xullo de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 170/2021

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución do TEA do 31/01/2021 ditada no expediente nº 5288-550 que desestima reclamación económica-administrativa contra desestimación do recurso de reposición ditado no expediente nº 32373-510 de solicitude de revisión do canon correspondente ao ano 2020

Expte(s): 5288/550; 32737/510

Contía: 13.000 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con base na natureza xurídica da relación entre o Concello e a demandante e a inaplicabilidade ao caso das normas ditadas no marco da declaración do estado de alarma e conexas.

O TE-A do C de V, o departamento de Patrimonio e a Dirección de Ingresos deben coñecer o resolto.

33.- Contencioso. Expediente nº 12923/111

Sentenza nº 155 do 1 de setembro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo



Concello de Vigo

Abreviado: 169/2020

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución de 16/04/2020 ditada polo TEA que desestima a reclamación económico administrativa interposta contra a desestimación presunta de diversas solicitudes de rectificación de autoliquidacións de IIVTNU.

Expte(s): 5079/550

Contía: 10.772,10 €

Esta sentenza, que non susceptible de recurso ordinario, estima o recurso, anula o acto impugnado e as autoliquidacións practicadas, ordenando a súa devolución como ingresos indebidos, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Tributos debe executar o resolto (e ter en conta o que no FD 6º se recolle para asuntos similares)

34.- Contencioso. Expediente nº 13699/111

Sentenza nº 184 do 21 de setembro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 173/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 25/03/2021 ditada pola Concelleira delegada de Seguridade no expediente sancionador nº 2020/56691, que desestima o recurso de reposición formulado contra outra do 27/01/2021

Expte(s): 285670/280

Contía: 1.200,00 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

35.- Contencioso. Expediente nº 12880/111

Sentenza nº 372 do 22 de setembro de 2021

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4

Recurso de apelación: 15015/2020

Demandante/Recorrente: Empresa

Esta sentenza rexeita o recurso de apelación da demandante en canto recurso indirecto contra a ordenanza fiscal, e inadmitido por contía en canto ás liquidacións (obxecto de recurso directo).

A Dirección de Ingresos, a Inspección de Tributos e o Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo deben coñecer o resolto.

Procedemento de orixe:

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

P.O. 132/2019

Obxecto.- Resolucións do TE-A do Concello de Vigo do 31-01-2019 (Liquidacións OF nº 30 por ocupación por estadas en varias rúas)

Procdto./Expte.- 4874, 4875, 4876 e 4877/550; 35173, 35176, 35177 e 35179/502

Contía.- 90.369,60 euros

Sentenza nº 36 do 27/02/2020

Desestimatoria

36.- Contencioso. Expediente nº 13684/111

Sentenza nº 179 do 15 de setembro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 179/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Acordo do Tribunal Económico-Administrativo de data 13/01/2021 desestimatorio da reclamación formulada contra desestimación do recurso de reposición efectuado contra dilixencia de embargo, en relación con sanción de tráfico do exercicio 2016 e imposto sobre vehículos de tracción mecánica exercicios 2009, 2010, 2011, 2012 e 2014.

Expte(s): 5014/550 e 42535/700

Contía: 173,55 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

O TE-A do Concello de Vigo e a Tesourería - Recadación Municipal deben coñecer o resolto.

37.- Contencioso. Expediente nº 13706/111

Auto nº 50 do 2 de setembro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 186/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución da Concelleira Delegada de Patrimonio do Concello de Vigo de data 12/10/2020, desestimatoria da reclamación de RPA polos danos sufridos por mor dunha caída na Avda Florida nº 28.

Expte(s): 5637-243

Contía: Indeterminada

Declara a caducidade do recurso.

O departamento de Patrimonio - RPA deben coñecer o resolto.

38.- Contencioso. Expediente nº 13728/111

Sentenza nº 185 do 21 de setembro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 190/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Acordo do Tribunal Económico-Administrativo do 24/04/2021 desestimatorio da solicitude de devolución de tódalas cantidades embargadas polo departamento de Sanidade polo incumprimento da orde de execución ditada pola Concelleira Delegada de Medio Ambiente.

Expte(s): 5316/550; 17132/310

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

O TE-A do Concello de Vigo e a Tesourería - Recadación Executiva deben coñecer o resolto.

39.- Contencioso. Expediente nº 13712/111

Sentenza nº 188 do 21 de setembro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 182/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do Concello de Vigo do 05/04/2021 desestimatoria do recurso de reposición e confirmatoria da sanción por non identificar ao condutor

Expte(s): 2020/36969

Contía: 300,00 €



Concello de Vigo

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación Municipal deben coñecer o resolto.

40.- Contencioso. Expediente nº 13031/111

Sentenza nº 148 do 30 de xullo de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 238/2020

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Resolución ditada o 23/07/2020 que desestima solicitude de abono de subvención en relación cun proxecto de dinamización do fútbol base da tempada 2018/2019.

Expte(s): 19653-333

Contía: 295.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, estima parcialmente o recurso, anula o acto do 23-7-2020 impugnado e ordena retrotraer as actuacións para resolver conforme aos arts. 28 da LXS e 63.3 do RXS.

O Servizo Xurídico interpuxo recurso de apelación, logo dos informes de Intervención e o Servizo de Deportes, que deben coñecer o asunto.

B/ SENTENZAS DITADAS NA ORDE SOCIAL

1. - Social. Expediente nº 13235/111

Sentenza nº 262 do 29 de xullo de 2021

TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 262/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: En materia de recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidade polos servizos que presta coa categoría de socorrista en instalacións deportivas.

Expte(s): 9151/446

Contía: Indeterminada

Desestima o recurso de suplicación da demandante contra a sentenza de instancia que é, así, confirmada.

Os departamentos de Persoal e Deportes deben coñecer o resolto.

Proc. de orixe:

Xulgado do Social nº 2

Procedemento: Ordinario nº 16/2020

Obxecto: Recoñecemento dereitos e cantidades

Categoría profesional (socorrista) e plus tóxico ...

Contrato administrativo de instalacións acuáticas municipais (Samil)

Expediente: 9151/446

Sentenza n.º 340 do 13-10-2020

Desestimatoria.

2. - Social. Expediente nº 12278/111

Auto do 14 de setembro de 2021

Tribunal Supremo, Sala do Social

Recurso casación : 3045/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Demanda en materia de incumprimento da normativa de prevención de riscos laborais e reclamación de danos e prexuízos.

Contía: 111.531 €

Declara a inadmisión do recurso por falta de contradición e declara a firmeza das sentenzas impugnadas.

Os departamentos de Seguridade e o de Persoal deben coñecer o resolto.

Procedemento de orixe:

Xulgado do Social nº 2 de Vigo

P.O. 248/2019

Demandante.- Particular

Obxecto.- Cumprimento deberes de prevención de riscos e cantidade

Contía.- 111.531 €

Sentenza nº 403 do 16 de xullo do 2019, desestimatoria

Recurso de suplicación:

TSXG, Sala do Social

Suplicación 5460/2019

Sentenza do 23 de xullo do 2020, desestimatoria

3. - Social. Expediente nº 13248/111

Sentenza nº 3518 do 27 de setembro de 2021

TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 418/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Recoñecemento de dereito con carácter fixo e subsidiariamente indefinido non fixo na relación laboral.

Contía: Indeterminada

Resolve o recurso de suplicación da demandante contra a Sentenza de instancia e por aplicación da STS do 18-6-2021 (C.U.D. 3263/2019) e da nova doutrina nela contida, pola duración inusualmente longa do contrato temporal logo dun proceso selectivo para cubrir a praza vacante, considerao fraudulento o que conleva a consideración como indefinida non fixa, polo que estima parcialmente o recurso, e declara a condición de indefinida non fixa (e desestima a pretensión de declaración de fixeza)

Solicitamos informe urxente dos departamentos de Persoal e Deportes sobre a eventual interposición de recurso de casación para a unificación da doutrina (que entendemos inviable polo resolto na STS do 18-6-2021, posterior á de instancia a que fixa a doutrina aplicada) e ao producirse a firmeza debe executarse o xudicialmente resolto, regularizar cobertura de praza e adoptar as medidas necesarias (DA 43ª da L 6/2018) para evitar este tipo de situacións.

Procedemento orixe: Xulgado do Social nº 2 de Vigo, Ordinario 166 /2020 , Sentenza do 3-11-2020. Desestimatoria.

4 .- Social. Expediente nº 13733/111

Auto nº 32 do 13 de setembro de 2021

Xulgado do Social n.º 4 de Vigo

Execución títulos xudiciais 89/2021

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares



Concello de Vigo

Obxecto: Demanda en material electoral de impugnación de laudo arbitral e tutela de dereitos fundamentais.

Contía: Indeterminada

Denega a execución porque o pronunciamento da Sentenza nº 206 de 14-9-2020 (ditada por este Xulgado no PROC-ILE 1007/2019) é meramente declarativo.

O departamento de Persoal (e o Comité de Persoal do Concello) deben coñecer o resolto.

Procedemento de orixe:

Soc. 4: ILE 1077/2019, Sentenza nº 206 do 14-9-2021 e

suplicación: 147/2021, Sentenza TSXG do 18-3-2021

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(959).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DOS TRABALLOS DE: “ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DAS CONDICIÓN DE VIDA DAS PERSOAS MAIORES EN VIGO E PROPOSTA DUN PLAN ESTRATÉXICO DE ATENCIÓN”. EXPTE. 224888/301

Visto o informe xurídico do 22/10/2021 e o informe de fiscalización do 25/10/2021, dáse conta do informe-proposta do 07/10/2021, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á xefatura, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Mediante Resolución do 31.08.2021 a Concelleira delegada de Política de Benestar Social acordou iniciar o procedemento de contratación dos traballos de “ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DAS CONDICIÓN DE VIDA DAS PERSOAS MAIORES EN VIGO E PROPOSTA DUN PLAN ESTRATÉXICO DE ATENCIÓN”.

I.2. No expediente tramitado para o efecto consta, ademais, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación asinado polo Xefe de Área de Benestar Social o 31.08.2021.
- Memoria económica (modificada), asinada polo Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira delegada de Política de Benestar Social o 09.09.2021 (trámite nº 49).
- Documentos económicos (RC 89094 e RCFUT 89095), asinados polo responsable da Contabilidade municipal o 08.09.2021.
- Memoria Xustificativa asinada pola Xefa do Servizo (29.09.2021), o Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira delegada de Política de Benestar Social (30.09.2021).
- Prego de Prescricións Técnicas (PPT) asinado o 29.09.2021 pola Xefa do Servizo e o 30.09.2021 polo Xefe de Área de Benestar Social.



Concello de Vigo

- Informe de data 30.09.2021 da Xefa do Servizo de Contratación sobre comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) para a contratación do servizo por procedemento aberto, asinado pola Xefa do servizo de Contratación o 04.10.2021.

I. NORMATIVA RELACIONADA

- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LRBR (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. INFORME

III.1. O obxecto deste contrato de servizos é a contratación da “ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DAS CONDICIÓNS DE VIDA DAS PERSOAS MAIORES EN VIGO E PROPOSTA DUN PLAN ESTRATÉXICO DE ATENCIÓN”. Coa elaboración destes documentos preténdese coñecer as condicións de vida das persoas maiores que residen en Vigo, o sobreenvellecemento e a dinámica poboacional da cidade así como a adecuación dos recursos existentes ás necesidades e demandas deste colectivo.

Inclúese tamén a elaboración dunha proposta de Plan estratéxico de atención ás persoas maiores que permita estruturar as actuacións públicas para atender as súas necesidades e orientar as políticas, programas e proxectos municipais, sinalando o conxunto de pautas e directrices para a consecución de obxectivos e metas a curto, medio e longo prazo.

III.2. De acordo co disposto no Art 116.1 da LCSP, o expediente de contratación iniciarase polo órgano de contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada nos/as respectivos/as concelleiros/as de Área en virtude das Resolucións da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e do 26.06.2019, de delegación de competencias (2019-2023) nos/as concelleiros/as delegados/as de Área e do Acordo da XGL do 20.06.2019, polo que se delega nos/ concelleiros/as de Área, entre outras, a competencia para iniciar os expedientes de contratación na súas respectivas áreas competenciais (Apdo. Segundo, pto. 6). Como dixemos antes, a Conce-

lleira da Área de Política de Benestar Social, en Resolución do 31.08.2021, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

III.3. Constan nel, tal como esixe o Art. 116 da LCSP, a xustificación da necesidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas, redactado polas Xefaturas de Servizo e Área de Benestar Social, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado polo Servizo de Contratación e a demais documentación preceptiva, como así se reflicte no informe da xefatura dese Servizo de data 30.09.2021 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

III.4. O procedemento proposto para esta contratación é o procedemento aberto (con múltiples criterios) e tramitación ordinaria, NON suxeito a regulación harmonizada (Art. 22 LCSP).

III.5. O Art. 116.3, último pfo., da LCSP establece tamén que, ademais de incorporar ó expediente o/s certificado/s de existencia de crédito, deberá ser obxecto, antes da súa aprobación, de fiscalización previa por parte da Intervención xeral municipal.

III.6. A competencia para aprobar o expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme co previsto na Disposición adicional segunda, apdos. 4º e 11º da LCSP en relación co seu Art. 117. A resolución, segundo o Art. 117.1 da LCSP, deberá ser motivada e comprenderá a aprobación do expediente de contratación, do gasto que representa e a apertura do procedemento de adxudicación.

IV. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría xurídica do Concello (Disposición adicional oitava LRBRL e Disposición adicional terceira, Apdo. 8º LCSP) e da Intervención xeral municipal (Disposición adicional terceira, Apdo. 3º LCSP e Art. 214 TRLRFL), a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, dos traballos de: “ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DAS CONDICIÓNS DE VIDA DAS PERSOAS MAIORES EN VIGO E PROPOSTA DUN PLAN ESTRATÉXICO DE ATENCIÓN”, que inclúe a xustificación da necesidade do contrato (trámite n.º 3), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 91), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (trámite n.º 118), os documentos económicos emitidos polo Servizo de Contabilidade (trámites núms. 55 e 56) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.

SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato (85.305,00 €, IVE incl.), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.227.06.00 (“Estudios e traballos técnicos”) e á súa bolsa de vinculación, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

- Ano 2021: 55.357,50 €.
- Ano 2022: 29.947,50 €.

TERCEIRO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

4(960).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE HIDROLAVADORAS PARA O PARQUE CENTRAL DE TEIS E PARQUE PROVISIONAL DAS INSTALACIÓNS EDAR DO SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 6527/213.

Visto o informe xurídico do 25/10/2021 e o informe de fiscalización do 26/10/2021, dáse conta do informe-proposta do 15/10/2021, asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios, a concelleira-delegada de Seguridade e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
 - Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público 8RLCSP no que non se opoña á Lei 9/2017.
 - Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
 - Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
 - Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galiza (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 24 de setembro de 2021 a concelleira-delegada de Economía, Empresa e seguridade acordou iniciar o procedemento de contratación para o subministro de dúas hidrolavadoras para o Parque Central de Teis e parque provisional das instalacións EDAR.

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo xefe do servizo de Bombeiros o 24 de setembro de 2021 e a concelleira-delegada de Economía, Empresa e seguridade

Resolución de inicio do expediente de contratación da concelleira-delegada de Economía, Empresa e seguridade de 24 de setembro de 2021.

Memoria económica do contrato de data 29 de setembro de 2021, asinada polo xefe do Servizo de Bombeiros, Concelleiro Orzamentos e Facenda e o conforme da concelleira-delegada de Empresa, Economía e Seguridade.

Certificado de crédito de data 7 de outubro de 2021.

Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 7 de outubro de 2021, asinado polo xefe do servizo de Bombeiros.

Dilixencia do Servizo de Contratación de data 14 de outubro de 2021.

Memoria xustificativa do contrato de data 7 de outubro de 2021 e correxida o 15 de outubro de 2021, asinada polo xefe do Servizo de Bombeiros e o conforme da concelleira-delegada de Empresa, Economía e Seguridade.

Informe da Técnica da Administración Xeral de data de 15 de outubro de 2021 sobre a incorporación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto simplificado abreviado do subministro e instalación de dúas hidrolavadoras para o Servizo de Bombeiros no parque Central de Teis e parque provisional das instalacións EDAR na rúa Ricardo Mella, asinado pola Técnica da Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación de data de 15 de outubro de 2021.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. A concelleira-delegada da Empresa, Economía e Seguridade mediante resolución de 29 de marzo de 2021 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de subministro (art. 16 LCSP). O procedemento elixido para a contratación é o aberto (art. 156 LCSP) e ao tratarse dun procedemento aberto simplificado abreviado non é necesaria a súa xustificación.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado abreviado para o subministro de dúas hidrolavadoras para o Parque Central de Teis e parque provisional das instalacións EDAR. que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 7 de outubro de 2021.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data de 15 de outubro de 2021.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 44.000,00 euros, do que 7.636,36 euros corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606290000 "Adquisición de equipos respiración, hidrolavadoras" do presuposto municipal vixente.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(961).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "MELLORA DAS INSTALACIÓN DO TÚNEL DE BEIRAMAR". EXPTE. 904/441.

Visto o informe de fiscalización do 21/10/2021, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto e tramitación ordinaria, das obras do proxecto de "mellora das instalación do túnel de Beiramar" (904-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto e tramitación ordinaria, das obras do proxecto de "mellora das instalación do túnel de Beiramar" (904-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “MELLORA DAS INSTALACIÓNS DO TÚNEL DE BEIRAMAR”, redactado polo Enxeñeiro de Minas Rafael Sánchez Tostón.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 27.05.2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN CATROCENTOS NOVENTA E OITO MIL CATROCENTOS OITENTA EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.498.480,69 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 260.066,90 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532.6190094 (OBRAS DE MELLORA TÚNEL DE BEIRAMAR), segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	1.498.480,69 €
------	----------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 30 de setembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “mellora das instalación do túnel de Beiramar” (904-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE IMESAPI, S.A. - EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. (ESYCSA)	89,09
2	UTE SIELVIGO - ALUVISA	87,45
3	GRUPO RENDER INDUSTRIAL, S.L.	81,08
4	CONSTRUCTORA SAN JOSE, S. A.	78,46
5	SEGADE SAELCO, S.A.	76,70
6	CONTROL Y MONTAJES INDUSTRIALES CYMI, S.A.	72,53

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE IMESAPI, S.A. - EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. (ESYCSA) (A-28010478 e A-15.032.725, respectivamente), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



Concello de Vigo

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE IMESAPI, S.A. - EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. (ESYCSA), o día 1 de outubro de 2021, que presenta a documentación requirida o 13 de outubro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de outubro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE IMESAPI, S.A. - EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. (ESYCSA), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE IMESAPI, S.A. - EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. (ESYCSA), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 15 e 23 de setembro de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a UTE IMESAPI, S.A. - EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. (ESYCSA) (A-28010478 e A-15.032.725, respectivamente) o procedemento aberto e tramitación ordinaria, das obras do proxecto de “mellora das instalación do túnel de Beiramar” (904-441) por un prezo total de 1.238.524,38 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 214.950,51 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(962).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE ATALAIA-TEIS. EXPTE. 24897/332.

Visto o informe de fiscalización do 21/10/2021, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Atalaia-Teis (24.897-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Atalaia-Teis (24.897-332)

ANTECEDENTES



Concello de Vigo

Primeiro.- Con data do 10 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Atalaia-Teis.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas (e anexos) de 06 e 07/05/2021 redactado polo Servizo de Educación, e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 01/06/2021 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Atalaia-Teis, por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 1.215.107,48 euros (303.776,87 € nas anualidades de 2022, 2023, 2024 e 2025), importes exentos do IVE, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Atalaia-Teis, por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230.227.99.08 (“EIM Atalaia-Teis”), e bolsa de vinculación.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 30 de setembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 23 de setembro de 2021, de MEGADIVER SOCIOEDUCATIVA, S.L. por ter a súa oferta unha calidade técnica inadecuada ao non acadar o umbral mínimo de puntuación do 50 % da puntuación máxima fixada para os criterios de xuízo de valor (apartado 7A.1 do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares) e ser este un motivo de exclusión (“As ofertas con calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación”).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Atalaia-Teis (24.897-332) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	AURORA, PILAR Y ANA, S.L.	88,50
2	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	83,18
3	ANA NAYA GARCIA, S.L.	82,94

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AURORA, PILAR Y ANA, S.L. (B-15.922.230), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde

o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AURORA, PILAR Y ANA, S.L., o día 1 de outubro de 2021, que presenta a documentación requirida o 15 e o 19 de outubro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de outubro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AURORA, PILAR Y ANA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AURORA, PILAR Y ANA, S.L., de acordo co informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor de datas 19 e 20 de setembro de 2021 e co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de data 24 e 27 de setembro de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Concello de Vigo

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 23 de setembro de 2021, de MEGADIVER SOCIOEDUCATIVA, S.L. por ter a súa oferta unha calidade técnica inadecuada ao non acadar o umbral mínimo de puntuación do 50 % da puntuación máxima fixada para os criterios de xuízo de valor (apartado 7A.1 do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares) e ser este un motivo de exclusión (“As ofertas con calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación”).*
2. *Adxudicar a AURORA, PILAR Y ANA, S.L. (B-15.922.230) o procedemento aberto de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Atalaia-Teis (24.897-332) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 1.215.107,48 euros (exento de IVE), cunha porcentaxe de desconto do 10% a aplicar aos prezos unitarios relacionados no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
 - b) *Propón un incremento das horas de adicación do servizo de orientación familiar (Equipo de atención temperá -EAT-) de 10 horas/semana.*
 - c) *Propón a achega de materiais didácticos por importe de 5030,68 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(963).- REANUDACIÓN DAS PRESTACIÓNS E DAS TAREFAS PARA A EXECUCIÓN DO CONTRATO DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE IMMERSIÓN LINGÜÍSTICA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR EN PERÍODO LECTIVO NUN HIGH SCHOOL “VIGO EN INGLÉS 2020”. EXPTE. 6522/241.

Dáse conta do informe-proposta do 19/10/2021, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e polo interventor xeral municipal, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento

Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.

- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19.

- Orde INT/270/2020, de 21 de marzo, pola que se establecen criterios para a aplicación dunha restrición temporal de viaxes no imprescindibles desde terceiros países á UE e países asociados Schengen por razóns de orden público e saúde pública con motivo da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE del 22 de marzo de 2020).

- Orde TMA/273/2020, de 23 de marzo, pola que se ditan instrucións sobre redución dos servizos de transporte de viaxeiros (BOE del 24 de marzo de 2020)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 17 de xaneiro de 2018, adoptou o acordo de adxudicar definitivamente a “Newlink Education, S.L” (CIF B-22.210.843) o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “VIGO EN INGLÉS 2018” (expte. 19872-332) por un prezo total de 1.704.465,00.-€ (IVE incluído), sendo o prezo unitario por alumno de 2.319,00 euros; todo elo de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de setembro de 2017 e a oferta presentada.



Concello de Vigo

Segundo.- O contrato se formaliza en data 13 de febreiro de 2018 entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria, tendo un prazo de execución de dous anos contados dende o 14 de febreiro de 2018 e, estando prevista a posibilidade de dúas prórrogas, a primeira dun ano de duración (14/febreiro/2020 ao 13/ febreiro/2021) e a segunda por un periodo máximo de 9 meses, debendo finalizar o contrato o 31 de decembro do ano 2021.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 27 de decembro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“ 1º.- Autorizar a **1ª prórroga por un ano do contrato** para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “VIGO EN INGLES 2020” (expte. 19872-332) para o período comprendido entre o **14/02/2020 e o 13/02/2021**, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un gasto de **1.704.465,00.-€**, que se imputarán á partida 3260.227.99.17 (Programa Educativo “Aulas Internacionais”) , que se financiarán con cargo aos créditos que se asignen para tal fin no orzamento futuro do 2020.”

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 6 de marzo de 2020, acordou aprobar as bases reguladoras e convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2020) dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos (Expte. 24174-332).

Publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 51 de data 13-03-2020 as bases específicas desta convocatoria. De conformidade co recollido na Base 3ª.3 “Duración da estadía programa Vigo en Inglés 2020” reguladora da antedita convocatoria: “O programa, de tres semanas de duración, se realizará preferentemente entre a primeira quincena de setembro de 2020 e a primeira semana de outubro de 2020. Con todo, o calendario definitivo comunicárase aos adxudicatarios nas reunións informativas que para tal fin organizará o Servizo de Educación do Concello de Vigo en estreita colaboración coa empresa neste intre adxudicataria “New Link Education S.L.”.

Quinto.- Mediante Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Sexto.- O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

Sétimo.- A Orde INT/270/2020, de 21 de marzo, estableceu criterios para a aplicación dunha restrición temporal de viaxes non imprescindibles desde terceiros

países á UE e países asociados Schengen por razóns de orden público e saúde pública con motivo da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Octavo.- A Orden TMA/273/2020, de 23 de marzo, ditou instrucións sobre redución dos servizos de transporte de viaxeiros.

Noveno.- O Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 na súa disposición final 1ª engade dous apartados 7 e 8 e modifica os apartados 1, 3 e 6 do artigo 34 do RD-Lei 8/2020.

Décimo.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 5 de xuño de 2020, acordou aprobar a modificación da base cuarta das bases específicas para o desenvolvemento da convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa (Vigo en Inglés 2020) dirixidas ao alumnado de 3º de ESO de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos (Expte. 24174-332), que quedou redactada como segue:

“O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de un mes contado a partir do día seguinte á publicación da modificación das bases aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO)”.

Publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 109 de data 9-06-2020 o anuncio da modificación da base IV das bases reguladoras desta convocatoria.

Undécimo.- “New Link Education SL” presenta en data 22/07/2020 dous escritos con idéntico contido a través do rexistro electrónico co código de solicitude W455811-3875 e nº de doc 200132971 e co código de solicitude W455814-4663 e nº de doc 200132977, nos que con motivo da crise do Covid-19 solicita do órgano de contratación unha ampliación de 6 meses do prazo de execución do contrato “Vigo en Inglés 2020”. Este programa municipal de inmersión lingüística de tres semanas de duración en High Schools de Reino Unido e Irlanda, propón implementalo en destino cando as circunstancias de seguridade sanitaria permitan a súa realización con todas as garantías para o alumnado vigués beneficiario. Asemade declara que ao ser concedida esta prórroga, os dereitos e intereses lexítimos da empresa quedan satisfeitos coa execución e abono do contrato “Vigo en Inglés 2020” no período de prórroga solicitado.

Duodécimo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 8 de outubro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“Recoñecer a imposibilidade de execución do contrato dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun High School “VIGO EN INGLES 2020” como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19 e, ampliar o prazo execución do contrato por un período igual ó tempo perdido polos motivos mencionados, condicionado a que cesen as circunstancias que determinan esta imposibilidade e acredite que está en condicións de reanudar



Concello de Vigo

a execución do contrato, previo informe favorable do responsable do contrato.”

Décimo terceiro.- En data 5 de outubro de 2021, o Técnico do Servizo de Educación, , coa conformidade da Xefa do Servizo de Educación, e o Concelleiro-Delegado do Servizo de Educación, informou o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 27 de decembro de 2019, adoptou o seguinte acordo sobre a prórroga do contrato de servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “Vigo en Inglés 2020” (Expte. 19872-332):

- Autorizar a 1ª prórroga por un ano do contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “VIGO EN INGLES 2020” (expte. 19872-332) para o período comprendido entre o 14/02/2020 e o 13/02/2021, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.*
- Autorizar e comprometer un gasto de 1.704.465,00.-€, que se imputarán á partida 3260.227.99.17 (Programa Educativo “Aulas Internacionais”), que se financiarán con cargo aos créditos que se asignen para tal fin no orzamento futuro do 2020.*

A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 6 de marzo de 2020, acordou aprobar as bases reguladoras e convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2020) dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos (Expte. 24174-332), que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 51 de data 13-03-2020

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 5 de xuño de 2020, acordou aprobar a modificación da base cuarta das bases específicas para o desenvolvemento da convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa (Vigo en Inglés 2020) dirixidas ao alumnado de 3º de ESO de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos (Expte. 24174-332), cuxo prazo de presentación de solicitudes quedou fixado nun mes contado a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 109 de data 9-06-2020.

En consecuencia, rematado o periodo de solicitude dun mes, comprendido entre o 10/xuño/2020 e o 09/xullo/2020 foron presentadas 806 solicitudes de alumnado interesado en participar no programa educativo municipal “Vigo en Inglés 2020”, e cuxa resolución da convocatoria de selección do alumnado participante inda está pendente a data de hoxe.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 08/10/2020, adoptou o seguinte acordo de ampliación do prazo de execución do contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “Vigo en Inglés 2020” (expte. 19872-332), como consecuencia do Covid-19 e as medidas adoptadas polas administracións para combatelo (expte. 6522-241):

“Recoñecer a imposibilidade de execución do contrato de servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “Vigo en Inglés

2020" como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus Covid-19 e, ampliar o prazo de execución do contrato por un periodo igual ó tempo perdido polos motivos mencionados, condicionado a que cesen as circunstancias que determinan esta imposibilidade e acredite que está en condicións de reanudar a execución do contrato, previo informe favorable do responsable do contrato".

Polo tanto, ate o de agora, continuaron sen resolver moitas das incertidumes sobre as condicións de saúde e seguridade sanitaria dos participantes, seguiron vixentes as restriccións temporais á mobilidade internacional e outras limitacións que afectaban á vida social e académica nos países de destino; e todo elo impediu resolver a convocatoria de selección do alumnado participante e levar adiante este programa municipal coas garantías necesarias para o alumnado vigués beneficiario.

Non obstante nestes intres, sobre maneira motivado pola implementación do proceso de protección colectiva e vacinación no que tamén está incluído o alumnado adolescente destinatario do programa municipal "Vigo en Inglés 2020", semellan darse as condicións necesarias para reanudar as xestións para a realización desta experiencia académica internacional de xeito adecuado, xa que a evolución positiva das condicións e circunstancias de seguridade sanitaria están a mellorar de xeito ostensible, a incidencia media acumulada, os contaxios e os casos activos pola Covid redúcense e descendem de xeito continuo, e tamén están a desaparecer as restriccións á mobilidade internacional.

En consecuencia, o servizo municipal de educación como órgano xestor da citada iniciativa municipal de inmersión lingüística e nomeadamente o responsable do contrato emite este informe unha vez que semellan mellorar as circunstancias que determinaron a imposibilidade de execución do contrato "Vigo en Inglés 2020", e cuxa execución segue sendo de interese público para esta administración local, ademáis do interese xeral das familias e alumnado participante no desenvolvemento óptimo e implementación en datas axeitadas do programa municipal "Vigo en Inglés 2020".

Trala paralización temporal ocasionada pola crise sanitaria da Covid-19 e a mellora da situación sanitaria motivada pola vacinación masiva da poboación, parece razoable e xustificado reanudar a execución do contrato "Vigo en Inglés 2020" coa expectativa e previsión de poder realizar as estadías lingüísticas con todas as garantías para os 750 alumnos/as beneficiarios/as de 1º de Bacharelato, preferentemente a finais de xuño e ao longo do mes de xullo de 2022 (periodo inda lectivo escolar nos High School dos países de destino como Reino Unido e Irlanda), cando previsiblemente se teña acadado á total superación do Covid-19 e a normalización da situación sanitaria.

O período proposto para o desenvolvemento das estadías lingüísticas, ven motivado porque ao tratarse de alumnado que remata 1º de Bacharelato en xuño de 2022, e que escomenzará 2º de Bacharelato no seguinte curso lectivo escolar 2022-2023 coa esixencia que supón preparar a Proba de Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU), é primordial para este alumnado participante no programa "Vigo en Inglés 2020" evitar na medida do posible perda algunha de actividade académica.



Concello de Vigo

A idade deste alumnado de 16-17 anos, segue sendo ideal para a absorción de coñecementos e experiencias vitais na mellora da competencia en lingua inglesa, ao mesmo tempo que garanten neste alumnado a responsabilidade e autonomía suficientes para unha integración social, cultural e lingüística total.

Para o período xuño-xullo de 2022 parecen garantidos en niveis axeitados as condicións sanitarias e de seguridade do alumnado participante no programa municipal, baseándonos en declaracións da Directora do Departamento de Saúde Pública e Medio Ambiente da Organización Mundial da Saúde (OMS), a española María Neira, que vaticina que si a estratexia de protección e vacinación colectiva avanza como ate agora, a pandemia podería estar controlada en marzo do vindeiro ano, e por outra banda temos constatacións moi positivas que fan pensar que estamos a superar esta complicada situación, como que o Reino Unido remata de eliminar as PCR obrigatorias aos viaxeiros/as españois vacinados, que xa non terán que presentar ningún test negativo de Covid-19 si teñen completado a pauta de vacinación.

Por todo o anteriormente exposto, resulta razoable e xustificado reanudar as prestacións e as tarefas para a execución do contrato "Vigo en Inglés 2020":

- *Todas as tarefas administrativas necesarias para a resolución da convocatoria específica e selección da listaxe dos 750 alumnos/as beneficiarios/as de 1º de Bacharelato no programa municipal "Vigo en Inglés 2022", que inclúe a baremación e análise da documentación, a publicación de listaxes provisionais-definitivas-agarda, a subsanación de erros e enmenda de documentación acreditativa, a xestión e actualización de contidos e mantemento do portal web do programa, a interlocución activa e asistencia informativa ao alumnado-familias-centros educativos coa finalidade de respostar e clarexar dúbidas e interrogantes sobre a loxística organizativa do funcionamento do programa ...*
- *Toda a xestión integral empresarial previa da adxudicataria do contrato "Vigo en Inglés 2020", que se precisa con antelación suficiente para concretar os preparativos e procesos de planificación e reserva das viaxes en avión ata o destino asignado no programa e regreso, ao igual que a selección dos High Schools de inmersión lingüística e das familias de acollida e aloxamento nos países de destino.*
- *A adaptación das estadías de inmersión lingüística, do curso intensivo de perfeccionamento de lingua inglesa e da programación das actividades lectivas, extraescolares e de lecer, aos posibles protocolos sanitarios vixentes sobre medidas preventivas e de seguridade que poidan promulgar as autoridades competentes tanto no noso país como nos países de destino.*

En todo caso, cómpre salientar que para o Concello de Vigo, as condicións de saúde e seguridade sanitaria do alumnado vigués participante no programa "Vigo en Inglés 2020", seguirán a ser o criterio de maior relevancia, polo que no marco desta iniciativa municipal de inmersión lingüística manterase a máxima atención a calquera condicionante que pudiera requerir a adopción de medidas ou modificacións na implementación do programa

- *Recrutamento e formación de monitores/as, actualización vixencia póliza de seguros, adquisición indumentaria institucional do programa (sudadeiras), preparación do curso de mellora e perfeccionamento de lingua inglesa e dos materiais auxiliares e didácticos...*

En canto ao réxime de pagamentos, parece razoable propoñer o seu axuste e abonar ao contratista en función dos servizos prestados e realmente executados que se correspondan coas actividades desenvolvidas durante o período de execución do contrato do programa municipal "Vigo en Inglés 2020".

Na derradeira factura realizaranse os axustes económicos necesarios para facturar o número real de alumnos/as que teñen desenvolvido a estadía lingüística en destino, e deberá ir acompañada da Memoria avaliativa prevista nas cláusulas do PPT e do preceptivo informe técnico emitido polo Servizo de Educación que recolla a conformidade coa prestación do contrato e cos documentos xustificativos presentados, e donde se manifeste expresamente o cumprimento total do obxecto do contrato.

Finalmente e tendo en conta o exposto, cómpre indicar que "Newlink Education, S.L.", a empresa adxudicataria do contrato obxecto deste informe, ten manifestado a este Servizo Municipal de Educación, que está en condicións de reanudar a execución do contrato "Vigo en Inglés 2020".

Á vista deste informe remitirase o expediente ao Servizo de Contratación que formulará a correspondente proposta ao órgano de contratación para determinar sobre a concorrencia das circunstancias que motivan a solicitude e se procede acordala ou non, segundo o proposto polo responsable do contrato.

- *Aprobar a reanudación das prestacións e das tarefas para a execución do contrato "Vigo en Inglés 2020", como consecuencia do control e normalización da crise sanitaria xerada polo Coronavirus Covid-19, e unha vez que melloraron e cesaron as circunstancias que determinaron a imposibilidade de execución do mesmo."*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

REANUDACIÓN DA EXECUCIÓN DOS CONTRATOS NOS QUE SE DECLAROU A IMPOSIBILIDADE SOBREVENIDA DA SÚA EXECUCIÓN COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-19

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña imposible como



Concello de Vigo

consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

O servizo xestor informa que “Polo tanto, ate o de agora, continuaron sen resolver moitas das incertidumes sobre as condicións de saúde e seguridade sanitaria dos participantes, seguiron vixentes as restriccións temporais á mobilidade internacional e outras limitacións que afectaban á vida social e académica nos países de destino; e todo elo impediu resolver a convocatoria de selección do alumnado participante e levar adiante este programa municipal coas garantías necesarias para o alumnado vigués beneficiario.

Non obstante nestes intres, sobre maneira motivado pola implementación do proceso de protección colectiva e vacinación no que tamén está incluído o alumnado adolescente destinatario do programa municipal “Vigo en Inglés 2020”, semellan darse as condicións necesarias para reanudar as xestións para a realización desta experiencia académica internacional de xeito adecuado, xa que a evolución positiva das condicións e circunstancias de seguridade sanitaria están a mellorar de xeito ostensible, a incidencia media acumulada, os contaxios e os casos activos pola Covid redúcense e descenden de xeito continuo, e tamén están a desaparecer as restriccións á mobilidade internacional. “

En consecuencia e, de conformidade cos informes obrantes no expediente, procede acordar a reanudación da execución do contrato “dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun High School “VIGO EN INGLES 2020, como consecuencia do control e normalización da crise sanitaria xerada polo Coronavirus Covid-19, e unha vez que melloraron e cesaron as circunstancias que determinaron a imposibilidade de execución do mesmo.”.

-II-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, se propón á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Aprobar a reanudación das prestacións e das tarefas para a execución do contrato dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en

período lectivo nun High School “VIGO EN INGLÉS 2020”, e unha vez que melloraron e cesaron as circunstancias que determinaron a imposibilidade de execución do mesmo.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(964).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE ASCENSORES DE COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS E EDIFICIOS DEPENDENTES DO SERVIZO DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6666/241.

Visto o informe de fiscalización do 22/10/2021, dáse conta do informe-proposta do 21/10/2021, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e pola xefa de Asesoramento de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446) (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446) (PPT)

ANTECEDENTES



Concello de Vigo

Primeiro.- Na sesión do 6 de xuño de 2019 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.

Segundo.- O 19 de setembro de 2019 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a SCHINDLER, S.A. o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (22.985-332) por un prezo total de 33.105,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.745,60 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Terceiro.- O contrato formalizouse o día 27 de setembro de 2019, por un período de 2 anos, e a execución do contrato iniciouse o 1 de outubro.

Cuarto.- En data 17 de setembro de 2020 a Xunta de Goberno local acordou modificar este contrato co obxecto de incluír na relación de ascensores a manter o ascensor do CEIP Carballal-Cabral (expte. 6.443-241). Esta primeira modificación supuxo un incremento do importe total do contrato de 996,19 euros, que representa un 3,01% do prezo primitivo do contrato.

Quinto.- Mediante acordo do 17 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno local acordou modificar este contrato co obxecto de incluír na relación de ascensores a manter o ascensor do colexio público de ensino infantil e primario “García Barbón” (expte. 6.621-241). Esta segunda modificación supuxo un incremento do importe total do contrato de 306,52 euros (0,93%), que xunto coa primeira modificación suman un 3,94% do prezo primitivo do contrato.

Sexto.- O 22 de setembro de 2021 a xefa do servizo de Educación, coa conformidade do concelleiro delegado de data 23 de setembro, solicita o inicio dun expediente de modificación deste contrato por mor da necesidade de incorporar o ascensor do CEIP Párroco don Camilo.

Sétimo.- Con data do 11 de outubro de 2021 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato.

Cuarto.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido ao efecto, o 19 de outubro de 2021, o contratista presentou a súa conformidade coa modificación mediante escrito rexistrado co número 210210736.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analizarlos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.



Concello de Vigo

- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato para “o incremento ou diminución do número de ascensores a manter” (apartado 15.C da FEC), sinalando como aspectos a modificar “o incremento ou diminución das labores de mantemento” e establecéndose como límite que a modificación non poderá superar o 10% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 15.D da FEC).

A modificación obxecto deste informe vén motivada pola necesidade de incluír na relación de ascensores a manter o ascensor do CEIP Párroco don Camilo. Informa ao respecto a xefa do Servizo de Educación o 22 de setembro de 2021, coa conformidade do concelleiro delegado do 23 de setembro, o seguinte:

“O colexio público de ensino infantil e primario “Párroco Don Camilo” en data 17/09/2021 solicita que o Concello se faga cargo do mantemento do ascensor do centro, instalado no colexio pola Xunta de Galicia. As obras de instalación deste ascensor foron rematadas en agosto de 2021, quedando pendente a alta do ascensor para a cal é necesario o correspondente contrato de mantemento.

A instalación deste novo ascensor conleva incrementar o número de ascensores a manter.

En base ao exposto, resulta procedente a modificación do contrato ao obxecto de incluír na relación de ascensores a manter o ascensor do CEIP Párroco Don Camilo, o cal ten as seguintes características:

Edificio	Dirección	Tipo	Accesos	RAE	Vel. (m/s)	Prazas	Carga	Fabricante
CEIP PÁRROCO DON CAMILO	Estrada Matamá Pazo, 104 (Santo André Come-saña)	1 ascensor eléctrico	3	(Pte.)	1	7	525 kg	Enor

O prezo da modificación dende o mes de novembro de 2021 ata a data de finalización da prórroga do contrato 30 de setembro 2022 sería de 842,93 euros (76,63 euros/mes por 11 meses). Este resultado obtense ao dividir o prezo da prórroga do contrato entre o número de ascensores que son obxecto de mantemento (vinte) e o número de meses (doce), do que resulta un prezo de mantemento mensual de cada ascensor de 76,63 euros.

Este gasto podería tramitarse con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9900 e bolsa de vinculación”.

Podemos concluír, á vista do citado informe que a modificación proposta:

- Está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que obedece ao incremento das labores do mantemento pola inclusión na relación de ascensores a manter do ascensor do CEIP Párroco don Camilo.
- Supón un incremento do prezo do contrato de 842,93 euros, que equivale a un 2,55% do prezo do contrato. Dado que este contrato xa foi modificado en dúas ocasións, a porcentaxe de modificación total deste contrato é do 6,49%, polo tanto,

atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación (10%), segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites).

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros e a modificación está prevista no PCAP. O contratista prestou a súa conformidade coa modificación mediante escrito presentado o 19 de outubro de 2021.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: garantir, durante a vida útil dos aparatos elevadores, o seu mantemento en óptimas condicións de funcionamento e seguridade, de cara a evitar ou reducir as avarías ou fallos que provoquen a interrupción do servizo ou dificulten a súa operatividade, en base ás competencias propias previstas no artigo 25.2.n da LBRL *“Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar cas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial”*.

Respecto dos límites económicos, ao tratarse dun contrato de servizos é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como indica o citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 842,93 euros desde o mes de novembro de 2021 ata a data de finalización da prórroga do contrato o 30 de



Concello de Vigo

setembro de 2022, que se imputará á aplicación orzamentaria 3230.227.9900 e bolsa de vinculación.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que os órganos de contratación que tiveran modificado un contrato que estea suxeito a regulación harmonizada, a excepción dos contratos de servizos e de concesión de servizos enumerados no anexo IV, nos casos previstos nas letras a) e b) do apartado 2 do artigo 205 deberán publicar no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) o correspondente anuncio de modificación. Dado que o suposto de modificación non está dentro dos previstos nas letras a) e b) do apartado 2 do artigo 205, non é necesaria a súa publicación no DOUE.

No entanto, continúa o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9C do PCAP establece que a garantía esixida será do “5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE”, o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 34,83 euros.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso

do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Recursos

Contra este acordo os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso especial en materia de contratación, no prazo dos quince días hábiles seguintes ao da súa publicación no perfil de contratante deste Concello, consonte ao disposto no artigo 44 e seguintes da LCSP.

Así mesmo poderá ser impugnado na vía xurisdiccional contencioso-administrativa, interpoñendo recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa publicación, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VIII-

Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato do servizo de mantemento de ascensores de colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do servizo de educación do Concello de Vigo (expte. 22.985-332), nos termos sinalados neste informe. Esta terceira modificación consistirá na inclusión do ascensor do CEIP Párroco don Camilo na relación de ascensores a manter.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 842,93 euros (IVE incluído), que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9900 e bolsa de vinculación. Esta modificación representa un 2,55% do prezo do contrato, sendo a porcentaxe de modificación total deste contrato do 6,49%.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a



Concello de Vigo

garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización. O reaxuste supón un incremento da garantía de 34,83 euros.

4º.- Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil de contratante”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(965).- CESIÓN DO CONTRATO DOS SERVIZOS INCLUÍDOS NO “PROGRAMA SOCIO-EDUCATIVO E DE APOIO FAMILIAR”. EXPTE. 6664/241.

Dáse conta do informe-proposta do 25/10/2021, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e polo interventor xeral municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación dos servizos incluídos no «Programa socio-educativo e de apoio familiar» (expte. 150.888-301) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 14 de agosto de 2018, tras a tramitación do correspondente procedemento de licitación, a Xunta de Goberno local, acordou:

“Adxudicar a CLECE S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos incluídos no «programa socio educativo e de apoio familiar» (150.888-301) por un prezo total de 2.837.995,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 257.999,60 euros, e sen que propoña ningún persoal adscrito ao servizo dos previstos non PCAP”.

Segundo.- Nas datas 12, 18 e 19 de setembro de 2018 formalizouse o contrato en documento administrativo por un período de 4 anos con posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha, comezando a súa execución o 1 de novembro.

Terceiro.- Con data do 16 de setembro de 2021 CLECE, S.A. presenta solicitude de cesión do contrato (documentos nº 210189165, 210189183 e 210189207) á empresa SAMAÍN SERVIZOS Á COMUNIDADE, S.A., achegando a seguinte documentación relativa á :

- Documentación acreditativa da personalidade xurídica: escritura de constitución cos estatutos
- Documentación acreditativa representación: poder e DNI da apoderada
- Solvencia económica e financeira: declaración do volume de negocios dos 3 últimos exercicios e contas depositadas no Rexistro Mercantil do exercicio 2019
- Solvencia técnica: certificados de boa execución de entidades públicas (Concello de Chantada e Concello de Ourense) relativos a servizos similares aos do obxecto deste contrato por importe moi superior á anualidade media esixida na cláusula 8.4.3º do PCAP
- Habilitación profesional: resolución de inscrición do Rexistro de Entidades prestadoras de servizos sociais co nº E-6614
- Compromiso de adscrición ao contrato dos medios esixidos no apartado 6D do Anexo I -FEC- do PCAP
- Declaración de non estar incurso en prohibición para contratar xunto coa acta de manifestacións
- Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social e a AEAT
- Declaración de alta e xustificante de pagamento do IAE

Cuarto.- Con data do 6 de outubro de 2021 concédese a CLECE, S.A. un prazo de dez días para a presentación da seguinte documentación:

- *“Acordo de cesión asinado polos representantes das dúas empresas e poder de representación dos asinantes (xa consta presentado poder a favor de Ana María Castro Alonso en representación de Samaín Servizos a Comunidade, SA se é quen asina en nome de esta sociedade)*

- *Xustificante da constitución da garantía definitiva por importe de 128.999,80 euros.*

- *As contas anuais de Samaín Servizos a Comunidade, SA depositadas no rexistro mercantil do ano 2020 (os importes dos anos 2018 e 2019 non son suficientes. O prego de cláusulas administrativas particulares establece que para acreditar a solvencia económica e financeira o volume de negocio da empresa durante un dos tres últimos exercicios terá que ser igual ou superior ao prezo do contrato: 2.581.689,36 euros)”.*

Quinto.- O 18 de outubro de 2021 o xefe da Área de Benestar Social, a requirimento do Servizo de Contratación informa:

“1) Por parte do Servizo de Benestar Social non existiría impedimento á dita cesión de contrato sempre que se cumpran todas e cada unha das condicións establecidas na normativa de contratación do Sector público (Art. 226 TRLCSP) e no PCAP que rexeu a licitación (Cláusula nº 38).



Concello de Vigo

2) *Tal como consta na documentación do expediente de contratación tramitado no seu día (Exp. nº 150888/301), neste contrato no se lle esixiu ó contratista ningunha característica técnica ou persoal nin tampouco as cualidades técnicas ou persoais da cedente foron razón determinante da adxudicación do mesmo.*

3) *Sen prexuízo do anterior, os Pregos de contratación (Apdo. 6.E] FEC) esixen como requisito imprescindible a inscrición do contratista no "Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais" da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia; requisito que obviamente tamén deberá cumprir e acreditar a cesionaria (constaría inscrita co nº 6614 no RUEPSS).*

4) *Indicar, por último, que este contrato non foi obxecto de modificación ningunha desde a súa adxudicación (XGL 14.08.2018) e formalización en documento administrativo (19.09.2018) nin, polo tanto, foi preciso o reaxuste da garantía prestada (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE: Apdo. 10.c] FEC)".*

Sexto.- En resposta ao requirimento do 6 de outubro, o 19 de outubro, dentro do prazo concedido, CLECE, S.A. presenta a documentación requirida agás o xustificante de constitución da garantía definitiva. En relación con este requisito indica no seu escrito rexistrado co número 210211043 "SAMAÍN SERVICIOS A COMUNIDADE S.A. se compromete, en cuanto sea autorizada la cesión contractual por parte del órgano de contratación, como requisito exigido en el Pliego de Prescripciones correspondiente, a sustituir las correspondientes fianzas en favor del Ayuntamiento de Vigo en garantía definitiva para la correcta ejecución del contrato que se cede, así como a la elevación a público de la cesión, en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 226.2.d) del RDL 3/2011, de 14 de noviembre, TRLCSP, quedado de este modo debidamente perfeccionada y formalizada la cesión contractual".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable á cesión

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a esta cesión. Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato, no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP

-II-

Natureza da cesión do contrato e requisitos da mesma

A cesión dun contrato implica unha novación subxectiva dunha das partes do contrato, o contratista, que é substituído por un terceiro que se subroga na súa posición xurídica. Este terceiro, cesionario, quedará subrogado en todos os dereitos e obrigacións que correspondesen ao contratista ou cedente.

Trátase dun negocio privado entre dous empresarios, sexan persoas físicas ou xurídicas, polo cal un substitúe ao outro no cumprimento dun contrato, se ben, para a súa validez necesita do concurso da vontade da Administración contratante.

A cesión, por imperativo do artigo 105 do TRLCSP, réxese polas súas propias normas. O TRLCSP contén a súa regulación no artigo 226. O PCAP que rexe este contrato regúlaa na cláusula 37.

O presuposto básico da cesión é que o contrato sexa susceptible de cederse. O artigo 226.1 do TRLCSP non permite a cesión nos seguintes supostos:

- Cando as calidades técnicas ou persoais do cedente fosen razón determinante da adxudicación do contrato
- Cando da cesión resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado
- Cando a cesión supoña unha alteración substancial das características do contratista si estas constitúen un elemento esencial do contrato

Os requisitos indispensables para a cesión do contrato están recollidos no artigo 226.2 do TRLCSP. Estes son:

- Requisitos obxectivos:
 - Que o cedente teña executado cando menos un 20% do importe do contrato ou, cando se trate da xestión de servizo público, que efectúe a súa explotación durante polo menos unha quinta parte da súa duración. Non será de aplicación este requisito se a cesión se produce atopándose o adxudicatario en concurso aínda que se teña aberto a fase de liquidación.
- Requisitos subxectivos:
 - Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración
 - Non estea incurso nunha prohibición de contratar
 - Teña a solvencia esixible ou, no seu caso, a debida clasificación se fora esixida ao cedente
- Requisitos formais:
 - Que o órgano de contratación autorice previa e expresamente a cesión
 - Que a cesión se formalice entre o adxudicatario e o cesionario en escritura pública

O PCAP non esixe requisitos adicionais.



Concello de Vigo

Analizaremos a continuación se este contrato é susceptible de cesión e, en caso afirmativo, se concorren os requisitos legais para a autorizala.

O obxecto do contrato que nos ocupa, segundo se recolle no apartado 2A do Anexo I -FEC- do PCAP, son os *“servizos de colaboración e asistencia técnica para o desenvolvemento do programa socio-educativo e de apoio familiar nos seguintes ámbitos diferenciados:*

- 1. Intervención con menores en situación de risco*
- 2. Intervención e atención socio-familiar en familias que presenten problemáticas non resolubles por elas mesmas e que acepten voluntariamente a intervención*
- 3. Realización de informes sociais e técnicos solicitados polo/a técnico/a municipal responsable do Servizo, tanto por interese do propio Concello como doutras Administracións públicas, tendo en conta a normativa en materia de menores e de acordo cos principios de colaboración e cooperación”*

Neste contrato non se esixiu ningunha característica técnica ou persoal ao contratista, nin se adxudicou en atención ás súas calidades, así o pon de releve o responsable do contrato en informe de data 18 de outubro de 2021.

Da cesión deste contrato non resulta ningunha restrición á competencia no mercado pois nin pola súa contía, nin pola súa duración (apartado 4.A da FEC), afecta de modo significativo ao mercado do sector.

Comprobado que o contrato que nos ocupa é susceptible de cesión, resta comprobar se se cumpren os requisitos esixidos pola lei. Dos requisitos citados, é preciso comprobar se concorren os obxectivos e os subxectivos, por canto, respecto aos requisitos formais, a autorización do órgano de contratación só poderá outorgarse de concorrer aqueles, e a formalización por escrito é posterior ao acordo de autorización.

Respecto ao cumprimento dos requisitos obxectivos, hai que por de releve que o cedente xa executou máis dun 20% do importe do contrato. Como se indicou nos antecedentes o contrato ten unha duración de 4 anos dos cales case foron executados 3.

En relación á acreditación dos requisitos subxectivos, comprobada a documentación achegada polo cesionario así como consultada de oficio por esta Administración nas plataformas de interconexión con outras Administracións e nos rexistros de contratistas, quedan acreditados os requisitos de capacidade xurídica e de obrar, e a solvencia do cesionario para subrogarse na posición do cedente neste contrato, así como que está o corrente das súas obrigas fiscais e tributarias coas diferentes administracións territoriais e coa Seguridade Social.

Podemos concluír que, dado que o contrato é susceptible de cesión, cúmprense os requisitos obxectivos e subxectivos esixidos polo artigo 226 do TRLCSP, e que o responsable do contrato, en informe de data 18 de outubro de 2021, manifesta non existir impedimentos á cesión do contrato, procedería outorgar a autorización solicitada para a cesión do contrato.

Pois, tal e como establece a doutrina dos tribunais especiais en materia de contratación, *“el control de los requisitos enunciados se lleva a cabo a través de la preceptiva autorización previa y expresa del órgano de contratación. Como ha señalado desde ya hace tiempo el Consejo de Estado (Dictamen 36898/1970, de 9 de julio), «dicha autorización debe entenderse no como un nuevo otorgamiento discrecional, sino como un mero control de la regularidad de la transmisión», de lo cual se infiere un cierto carácter reglado en el otorgamiento de la autorización, sin perjuicio del matiz discrecional que implica la valoración de las cualidades*

técnicas y personales del cedente como determinantes, o no, de la adjudicación del contrato. En cualquier caso, la autorización del órgano de contratación reviste carácter preceptivo, sin la cual la cesión (insistimos, que es un negocio privado entre empresas) carece de efectos jurídicos frente a la Administración. En consecuencia, la respuesta de la Administración a la cesión contractual solo podrá ser negativa si, de forma motivada, se argumenta que el cesionario no acredita la solvencia y capacidad adecuadas para sustituir al contratista originario” (Acordo 59/2013, de 28 de outubro de 2013, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón).

-III-

Garantías do contrato

O TRLCSP regula no seu Título IV o Réxime de garantías esixibles na contratación do sector público. Na actualidade unicamente é preceptiva a esixencia de garantía definitiva. Se ben se permite que en casos especiais, o órgano de contratación poida establecer no prego de cláusulas que, ademais da garantía definitiva, se preste unha complementaria de ata un 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, podendo alcanzar a garantía total un 10 por 100 do prezo do contrato (artigo 95.2).

A garantía definitiva responde, segundo o artigo 100 do TRLCSP:

- a) Das penalidades impostas ao contratista conforme ao artigo 212.
- b) Da correcta execución das prestacións contempladas no contrato, dos gastos orixinados á Administración por mora do contratista no cumprimento das súas obrigacións, e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.
- c) Da incautación que pode decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co que nel ou nesta Lei estea establecido.
- d) Ademais, no contrato de subministro a garantía definitiva responderá da inexistencia de vicios ou defectos dos bens subministrados durante o prazo de garantía que se previu no contrato.

Esta garantía esíxese aos que presenten as ofertas economicamente máis vantaxosas nas licitacións dos contratos que celebren as Administracións Públicas. A súa contía é dun 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, excluído o imposto sobre o valor engadido (artigo 95.1 do TRLCSP).

A súa constitución é requisito imprescindible para que se poida adxudicar o contrato ao licitador primeiro clasificado. De no constituírse no prazo concedido para o efecto, decaerá o seu dereito á adxudicación do contrato, e o órgano de contratación adxudicará o contrato ó licitador seguinte, polo orde no que quedasen clasificadas as ofertas (artigo 99 en relación co artigo 151 do TRLCSP).

Para responder do cumprimento deste contrato o cedente constituíu unha garantía definitiva por importe de 128.999,80 euros (nº operación 201800065151 do 6 de agosto de 2018).



Concello de Vigo

Co obxecto de manter a integridade da garantía definitiva, prevese a súa reposición e reaxuste nos seguintes casos:

- No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións esixibles ao adxudicatario (artigo 99.2 do TRLCSP).
- Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (artigo 99.3 do TRLCSP).

No caso que nos ocupa o contrato non foi modificado. En consecuencia, o importe da garantía prestada polo actual adxudicatario permanece invariable (artigo 102.4 do TRLCSP).

Nos casos de cesión, a lei prevé que o cesionario deberá constituír a garantía definitiva. Unha vez que se atope formalmente constituída a garantía polo cesionario, procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente.

-IV-

Formalización do acordo de cesión do contrato

Outorgada a autorización para a cesión, para que esta se perfeccione e produza efectos xurídicos é preciso que se formalice en escritura pública, requisito formal constitutivo da mesma (artigo 226.2.d do TRLCSP).

Consecuentemente, este acordo sometese á condición suspensiva de constitución da garantía definitiva e de formalización da cesión en escritura pública, sen a cal carecerá de efectos, e a súa posterior comunicación ao Concello.

-V-

Data dos efectos da cesión

Respecto á data dos efectos da cesión do contrato, a xurisprudencia sinala como tal a data do inicio do prazo contractual, se ben admite a posibilidade de que a Administración poida autorizar que os efectos se produzan a partir dunha data determinada, sempre e cando iso non resulte contrario ao interese público. Nesta liña, establece a Sentenza do Tribunal Supremo de 14 de outubro de 2005 (LA LEY 1938/2005) que *“a tenor del párrafo segundo del artículo 182 del Reglamento, el cesionario queda subrogado en todos los derechos y obligaciones que correspondían al cedente, debiendo entenderse que esta subrogación se refiere a la totalidad del tracto de la relación contractual, y no se produce sólo a partir del momento en que se suscribe el contrato de cesión”*. “[...] la finalidad del acto administrativo que autoriza la cesión es garantizar el interés público en el cumplimiento del contrato y de las obligaciones derivadas del mismo. Por tanto si existe otra entidad contratista que se considera apta para asumir las obligaciones contractuales y se entiende que el interés Público está garantizado, nada se opone a que la Administración esté actuando conforme a derecho al autorizar la cesión, y ello incluso en el caso de que sus efectos se contraigan a las obligaciones y derechos posteriores a la cesión misma. Pues la cuestión decisiva es que resulte garantizado el interés público en la ejecución de la obra, y así sucede cuando los posibles incumplimientos anteriores a la cesión puedan dar lugar a un resarcimiento de la

Administración. Por otra parte y por lo que se refiere al caso de autos, ya que se hizo sin ninguna reserva, la autorización afectaba a la totalidad del negocio jurídico de cesión, y por tanto a la cláusula del contrato en que se materializó ésta en la que se establecían los derechos y obligaciones del cedente y el cesionario”.

Consecuentemente, a subrogación do cesionario nos dereitos e obrigas derivados do contrato producirá efectos dende a data do inicio da execución do mesmo.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Neste caso non é preceptivo o informe da Asesoría Xurídica nin a fiscalización da Intervención Xeral (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP), ao non comportar gasto para a Administración municipal. Neste senso pronúnciase a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, no seu informe 24/1996, que determina que non é necesaria a fiscalización previa xa que a cesión non orixina para a Administración ningunha obriga que non estea xa contemplada no contrato cedido. Criterio seguido tamén polo Acordo 59/2013, do 28 de outubro de 2013, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón.

Tendo en conta que procederá axustar os actos de execución orzamentaria á nova situación, o acordo adoptado será trasladado ao Servizo de Contabilidade para os efectos oportunos.

-VII-

Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Autorizar a cesión do contrato dos servizos incluídos no «Programa socio-educativo e de apoio familiar» (expte. 150.888-301), adxudicado a CLECE, S.A. por acordo da Xunta de Goberno Local do 14 de agosto de 2018, a favor de SAMAÍN SERVICIOS Á COMUNIDADE, S.A. (A-27.843.192).

2º.- A cesión quedará condicionada á constitución da garantía definitiva polo cesionario e á súa formalización en escritura pública, sen a cal carecerá de efectos, e a súa posterior comunicación ao Concello.

3º.- A subrogación do cesionario nos dereitos e obrigas derivados do contrato producirase dende a data do inicio da execución do mesmo.

4º.- Notificar este acordo aos interesados”.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(966).- PROPOSTA DE INCLUSIÓN DE NOVAS ENTIDADES DEPORTIVAS NO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS 2021-2022. EXPTE. 4484/611.

Visto o informe xurídico do 13/10/2021 e o informe de fiscalización do 21/10/2021, dáse conta do informe-proposta do 30/09/2021, asinado polo técnico do Servizo de Deportes, o adxunto á Xefatura do Servizo, o xefe do Servizo e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión do día 30 de agosto de 2019 prestou a probación ao programa municipal de escolas deportivas “achégate ao deporte 2019-2023”, o Convenio marco de colaboración, e as bases de selección de proxectos (exp. 2837/611), estas bases están publicadas na páxina web (https://sede.vigo.org/expedientes/tramites/tramite.jsp?lang=ga&id_tramite=765) establecen que dentro dos meses de Abril e Maio, as novas entidades poderán solicitar a inclusión no programa.

As entidades realizaron a solicitude de inclusión e toda a documentación precisa para poder acceder nas mesmas condicións que as entidades integrantes e realizarán a sinatura do convenio, establecéndose na cláusula décimo novena unha prórroga ano a ano durante un máximo de 1 prórroga, se ambas partes manteñen a colaboración no Programa Municipal de Escolas Deportivas seguindo o establecido no artigo 49.h da lei 40/2015 do 1 de Outubro, de réxime xurídico do sector público. Establécese neste documento o anexo II como proposta de convenio que se asinará con estas entidades para o comezo da actividade.

As entidades deportivas que accederán por primeira vez o Programa Municipal de Escolas deportivas serán:

Entidade deportiva que solicita a inclusión no programa	CIF	Expediente
IES Coruxo F.S	G27726835	4376-611
Cios Vigo F.S.	G36795680	4374-611
Treboada F.C. San Salvador	G36645075	4358-611

En relación a estas novas entidades deportivas que se inclúen, considérase viable economicamente pois o número máximo de inscritos nestas entidades non afectaría de forma significativa a capacidade máxima anual do programa municipal, e dentro das estimacións económicas realizadas neste documento. Engádesse a esta situación, que dúas entidades deportivas que estaban o ano pasado non solicitan a prórroga do convenio de colaboración como son o Club Montañeiros Celtas (G-36637890) e o C.F. Gaélico Kelttoi (G-27808575).

A configuración actual pola que se estrutura o Programa Municipal de escolas deportivas en colaboración, da cumprimento o marco establecido na normativa anteriormente mencionada respecto o fomento do asociacionismo deportivo e a cooperación con entidades públicas ou privadas por parte das entidades locais, polo que permite o cumprimento das competencias municipais en materia deportiva.

Esta configuración entre as entidades presentes no Programa Municipal de Escolas, as novas inclusións e as baixas no mesmo garantizan un dinamismo e actualización constante das necesidades deportivas e da propia realidade actual do deporte Vigués. Esta adaptación a novas modalidades deportivas ou a novas entidades deportivas enriquecen e melloran o programa deportivo nutrido de unha maior calidade global do mesmo.

Polo exposto, non se observa impedimento legal para a inclusión das novas entidades deportivas no Programa Municipal de Escolas e a aprobación do convenio de colaboración que deberá adoptarse antes do inicio do curso 2021-2022.

É competente para a aprobación do convenio a Xunta de Goberno Local habida conta das competencias que ten atribuídas ao abeiro do establecido no artigo 127.1. da LRBRL en relación co artigos 4 e 6.2. Ó órgano competente para a adopción do acordo de prórroga é a xunta de Goberno Local en virtude das facultades atribuídas por Resolución da Alcalde de data 17.08.2020 e materia de aprobación de convenios de colaboración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a inclusión no Programa a novas entidades solicitantes, IES Coruxo F.S (G27726835), Cios Vigo F.S. (G36795680) e Treboada F.C. San Salvador (G36645075).

Segundo.- Aprobar o Convenio marco de colaboración para as novas inclusións de entidades deportivas, que aparece no anexo I de este informe.

Terceiro.- Facultar ao concelleiro de deportes á formalización do convenio.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I



Concello de Vigo

CONVENIO TIPO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E A ENTIDADE:.....

PARA A INCLUSIÓN DA ESCOLA DEPORTIVA DA ENTIDADE DEPORTIVA, DENTRO DO PROGRAMA MUNICIPAL ACHÉGATE O DEPORTE, NA MODALIDADE DE:.....

Nas oficinas da Concellería de Deportes de Vigo , a ___ de _____ de 2021 .

REUNIDOS:

Dunha parte: D. _____ , como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (por delegación do Alcalde en resolución do __ de _____ de 2019)

Doutra parte: D. _____ , con DNI: _____ como representante legal da entidade:

Ambas partes recoñecen a súa competencia e capacidade, respectivamente para formalizar o presente convenio de colaboración en materia deportiva.

EXPOÑEN:

1.- A Xunta de Goberno do Concello de Vigo aprobou en sesión de 30 de Agosto de 2019 o Programa Municipal de Escolas deportivas “Achégate ao Deporte 2019-2023” , as bases para a selección das entidades deportivas, o convenio tipo de colaboración para a súa implantación e a autorización do gasto correspondente con cargo a partida orzamentaria 3420.226.09.01 para o ano 2021 e seguintes.

2.- Que dentro dos obxectivos principais da Concellería de Deportes do Concello de Vigo atópanse a realización de programas de promoción deportiva, con fundamento no artigo 25.2.l da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 80.2.n da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e ,entre outros, no artigo 8 da Lei 3/2012, do Deporte de Galicia .

3.- O obxecto deste convenio é regular a colaboración das entidades asinantes para satisfacer o interese público de promover a actividade física e o deporte dende a idade escolar, mediante o desenvolvemento da escola deportiva que inclúa as actividades físicas de carácter formativo, recreativo e de competición nas idades infantil e xuvenil.

4.- A entidade deportiva que asina este convenio conta cunha estrutura orgánica consolidada e reúne os medios humanos suficientes para a colaboración neste tipo de actividades.

5.- Existindo na actualidade unha actuación en materia deportiva de cara a promoción da práctica deportiva por parte de ambas entidades ou institucións, propónse como moi importante a coordinación e unión de esforzos entre a Concellería de Deportes e as diversas entidades deportivas da cidade (Federacións e Clubs deportivos), co obxectivo de ofertar ós cidadáns unha maior e mais ampla oferta deportiva a través do establecemento do presente convenio de colaboración.

Por outra parte, na lei do deporte 3/2012 de Galicia, no artigo 40.1 en relación as Entidades Deportivas de Galicia establece que “son entidades deportivas as constituídas, de acordo as suas disposi-

cions específicas, por persoas físicas ou xurídicas, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, con domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia, que teñan por obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calqueira que sexa o seu nivel e destinatario. No artigo 40.2. “a Administración deportiva procurará especialmente a promoción e o impulso do deporte que se realice no marco das entidades deportivas consideradas na presente lei”. No artigo 51.1, refírese a Federacions deportivas como “entidades privadas, sin ánimo de lucro, con personalidad jurídica propia y plena capacidad de obrar, cuyo ámbito de actuación se extiende al territorio de la Comunidad Autónoma de Galicia”

A configuración actual pola que se estrutura o Programa Municipal de escolas deportivas en colaboración, da cumprimento o marco establecido na normativa anteriormente mencionada respecto o fomento do asociacionismo deportivo e a cooperación con entidades públicas ou privadas por parte das entidades locais, polo que permite o cumprimento das competencias municipais en materia deportiva.

Asimesmo, tanto as entidades deportivas como as federacións aportan unha estrutura consolidada que soamente elas teñen definida no marco xurídico deportivo actual, e que posibilita a participación dos alumnos en competicións deportivas de carácter oficial, a continuidade deportiva de forma correlativa nas diferentes categorías base.

A Entidade deportiva ten por obxecto o desenvolvemento e promoción da súa modalidade deportiva, e tendo en conta a finalidade común de ambas partes, orientada a satisfacer o interese público de promover a actividade física e o deporte dende a idade escolar, sendo competencia do Concello de Vigo a planificación e xestión da promoción deportiva e dispoñendo as entidades deportivas do soporte técnico e operativo preciso para garantir o correcto desenvolvemento das escolas deportivas da entidade e a competición, se considera procedente establecer un marco de colaboración entre ambas partes que regule as actuacións comúns precisas para a súa organización, que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira

Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua nas tarefas deportivas dentro do Proxecto Municipal de Escolas Deportivas, quedando ámbalas dúas partes comprometidas o seu cumprimento.

Segunda

O presente convenio terá unha vixencia dende o inicio no programa Municipal de Escolas Deportivas 2021-2022 ata o 31 de maio de 2022 para as actividades programadas no curso regular do Programa de Escolas Deportivas, e ata o 30 de Setembro de 2022 para presentación de actividades dentro dos proxectos “Gañamos Todos” e “Educa” para o Programa Municipal de Escolas Deportivas 2019-2023. Este convenio poderá prorrogarse un ano, para o Programa Municipal de Escolas Deportivas 2022-2023 coa mesma estrutura das actividades do curso regular e proxectos sinalados no parágrafo anterior.

Terceira

Os obxectivos xerais do Programa, e que asume a entidade deportiva son os seguintes:



Concello de Vigo

- Conquerir unha mellora da calidade da oferta deportiva.
- Potenciar a promoción e a práctica deportiva dos deportes minoritarios. Atender as novas demandas sobre a práctica deportiva que se plantexen nas idades que abrangue o programa.
- Potenciar o acceso a práctica deportiva as persoas con discapacidade.
- Consolidar unha oferta de competición recreativa para todos os nen@s que se atopan no desenvolvemento do programa.
- Fomentar e dinamizar a formación dos técnicos deportivos.
- Mellorar a calidade docente.
- Dinamizar a actividade deportiva nos colexios.
- Potenciar e promover o traballo das Entidades na promoción das súas modalidades deportivas.
- Dinamizar a prevención da saúde d@s deportistas.
- Fomentar hábitos deportivos saudábeis e actitudinais n@s nen@s dende as primeiras idades.
- Dinamizar a práctica deportiva na idade adulta

Cuarta

O desenvolvemento e promoción deste Programa Municipal de escolas deportivas na cidade de Vigo, será organizado conxuntamente entre a Concellería de Deportes e a entidade asinante do convenio de acordo coas obrigacións expostas nas cláusulas do presente convenio.

Quinta

A práctica das actividades deste Programa Municipal poderá ser desenvolvida en función dos intereses e as características de cada modalidade en instalacións da Concellería de Deportes, en instalacións dos Centros de ensino ou nas instalacións que faciliten as diversas federacións deportivas colaboradoras. En ningún caso terá custo para a entidade.

Sexta

A Concellería de Deportes definirá a filosofía xeral para o desenvolvemento das escolas deportivas incluídas no proxecto, e actuará como axente aglutinador e coordinador das necesidades de promoción e difusión do proxecto, sendo o responsable da unificación de criterios para garantir uns mínimos de calidade na práctica e formación deportiva, comprometéndose a:

- aportar o material deportivo e didáctico necesario para o desenvolvemento das mesmas, sempre en función das posibilidades orzamentarias do propio programa
- colaborar na programación deportiva e na gratuidade e cesión das instalacións deportivas nas que se desenvolve a escola deportiva, cando esta sexa municipal.
- aportará a entidade coa que asina o convenio, como colaboración a financiación das necesidades da escola, as cantidades establecidas no Programa Municipal de Escolas deportivas aprobado, en función do tipo de escola ou actividade a desenvolver. As cantidades mensuais que correspondan serán aboadas previa certificación ca distribución do 1º período de Outubro a Decembro e un 2º período de Xaneiro a Maio. O importe mínimo aportado por cada escola será fixado en 20 alumnos, aínda que en caso de necesidade técnica, criterios de seguridade e control do grupo de actividade, ou de promoción dunha modalidade, un grupo de traballo ou módulo poderá ter menos alumnos.

A achega económica da Concellería de Deportes con relación o cumprimento deste estará supeditada o crédito máximo establecido para a totalidade dos grupos do programa municipal de escolas deportivas.

- cubrir unha póliza de seguro de accidentes deportivos que cubrirá a totalidade dos alumnos/as de cada unha das escolas que se desenvolvan dentro deste programa.

Sétima

As Entidades Deportivas que reúnen os requisitos esixidos pola Concellería de Deportes para o desenvolvemento do Programa Municipal de Escolas deportivas de cara a colaborar no desenvolvemento do mesmo, comprométese a través da firma do presente convenio a:

1.-Que todos os alumnos das escolas deportivas incluídas dentro deste programa deberán de abonar a cantidade que recolla a ordenanza reguladora de prezos públicos do ano en curso.

2.- Dispoñer dunha póliza de responsabilidade civil, atendendo a LEI 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia nos seus artigos 21,22,23,27 e 28 así como a súa modificación na lei 15/2015 do 24 de Decembro, no seu artigo 23 para cubrir os danos que se puidesen ocasionar con motivo da organización de competicións e eventos deportivos dentro do programa municipal.

3.-Desenvolver as tarefas relacionadas coa ensinanza deportiva da súa modalidade mediante a achega dos profesores e monitores necesarios que deberán posuír a titulación deportiva mínima (monitor deportivo da especialidade a impartir ou o título de Técnico superior en actividades físico deportivas), e deberán de atender as escolas a razón dun monitor por cada módulo de 20 alumnos (nas actividades cunha esixencia maior de supervisión este número será menor). Entre os monitores o club designará un coordinador –preferentemente entre Licenciados en Educación Física, Diplomados en Educación Física ou adestradores nacionais- que realizará as labores de coordinación coa Concellería de Deporte.

4.- Que os monitores da entidade deportiva desenvolvan a súa actividade impartindo as clases nos horarios, días, e lugares que se especifica no programa deportivo acordado co club/ entidade deportivo.

5.- Desenvolver a través dos seus técnicos, monitores e xogadores as diversas actividades de promoción a través de charlas o conferencias en diversos centros de ensino da cidade segundo o programa definido.

6.- Que os monitores e profesores sexan responsables dos nenos/as dende 10 minutos antes das clases, -sempre e cando estén os nen@s na instalación- durante o desenvolvemento da actividade e 10 minutos, despois de finalizar a actividade, durante o tempo de cambio na zona de vestiarios.

7.-Dotar a escola dos técnicos precisos para o normal desenvolvemento da mesma. Os técnicos, coa titulación precisa, serán designados e retribuídos pola entidade, establecendo ésta as condicións de ensinanza, réxime interior e asumindo a relación laboral que corresponda conforme a lexislación vixente nesta materia. Informar aos monitores e técnicos ditas actividades que en ningún suposto se considerarán como relación laboral, contractual ou de calquera outra natureza coa Concellería de Deportes ou o Concello de Vigo. As Entidades



Concello de Vigo

deportivas atendendo a recomendacións do CSD deberán articular os procedementos establecidos na normativa vixente a través das leis en materia laboral e voluntariado (lei 6/1996 de voluntariado).

8.-Que os monitores das Entidades deportivas deberán ter a certificación negativa no rexistro central de delinquentes sexuais. Tal e como se esixe no R.D 1110/2015 do 11 de Decembro. Será requisito para o acceso e exercicio das profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, non haber sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual

9.-Cubrir a aqueles monitores que por circunstancias alleas non poidan asistir a participación da docencia na súa escola deportiva.

10.-Confeccionar un programa anual docente e de actividades, correspondendo a programación da escola deportiva e prestar mutua colaboración no desenvolvemento das actividades que se planifiquen ca Concellería de Deportes.

11.-Velar porque todos os alumnos poidan participar en actividades de competición formativa e educativa, responsabilizándose en todo momento de ter informados ós nen@s.

12.-Realizar o programa docente para todos os alumn@s coma mesma igualdade e equidade, aportando os mesmos recursos humanos e materiais.

13.-Comprobar e controlar que todos os nenos están inscritos no seu horario correspondente, comunicando os cambios precisos para a súa correcta inscrición. A entidade deportiva será responsable dos problemas ocasionados polos erros producidos por unha falta de control nos inscritos en cada grupo de actividade.

14.-Informar debidamente aos monitores e alumnos da existencia das normas de organización e funcionamento e uso das instalacións para procurar o seu cumprimento.

15.-Promover, entre os técnicos e principais responsables da dirección técnica, a formación en diversidade sexual e de xénero, a igualdade de xénero e a promoción da muller nas actividades deportivas, así como a prevención da LGTBIFobia no ámbito deportivo.

16.-Facilitar e incorporar os participantes na estrutura da entidade deportiva, posibilitando a súa participación en competicións oficiais, e asegurar a súa continuidade deportiva nas diferentes categorías de base e facilitar o seu acceso a outros niveles de tecnificación despois da finalización do período establecido no Programa Municipal de Escolas Deportivas.

17.- Aportar os deportistas e técnicos necesarios que poidan representar e colaborar ca cidade de Vigo con ocasión da organización de eventos deportivos, torneos de seleccións, torneos que teñan interese para a cidade de Vigo ou proxectos deportivos incluídos no Programa Municipal de Escolas deportivas.

18.- Que a entidade atópase ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo

Oitava

A Entidade deportiva deberá dar cumprimento ao Regramento Xeral de Protección de Datos e da Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. A entidade deportiva colaboradora estará obrigada especialmente no seguinte:

Deberá gardar a debida confidencialidade e secreto sobre os feitos, informacions, coñecementos, documentos e outros documentos os que teña acceso con motivo da prestación da actividade, sen que poida conservar copia ou utilizalos para calquera finalidade distinta a expresamente recollida no convenio, incorrendo en caso contrario nas responsabilidades previstas na lexislación vixente. Igualmente deberá informar os seus empregados de que só poden tratar a información do Concello para cumprir os servizos obxecto deste Convenio e tamén da obrigaón de non facer públicos, ceder ou enaxenar cantos datos coñeza. Esta obrigaón subsistirá aínda despois da finalización do Convenio.

Asi mesmo deberá incluír unha cláusula de confidencialidade e secreto nos termos descritos nos contrato laborais que subscriban cos seus empregados destinados a prestación da actividade obxecto do presente convenio.

O servizo de deportes se reserva o dereito o exercicio de accións legais oportunas en caso de que baixo o seu criterio se produza un incumplimento de dito compromiso. Tamén se reserva o dereito de efectuar en calquer momento os controis e auditorías que estime oportunos para comprobar o correcto cumprimento por parte da entidade colaboradora das súas obrigaóns, a entidade deportiva colaboradora está obrigada a facilitar cantos datos ou documentos se requiran.

Unha vez cumprida a actividade obxecto deste Convenio, os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos o Servizo de Deportes do Concello de Vigo, o igual que calquera soporte ou documento que conteña algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

Novena

A aportación do Concello de Vigo é parcial e pode non cubrir o total da actividade, polo que é a entidade deportiva a que debe asumir os gastos precisos para unha correcta organización e realización das actividades. A entidade deportiva é a responsable de que as actividades deportivas desenvolvidas se realicen cos criterios e as normas recollidas no Programa Municipal de Escolas Deportivas.

Décima

Unha vez desenvolvido o programa, farase unha memoria das actividades realizadas, na que deberán constar os alumnos/as participantes, as actividades desenvolvidas, os monitores/as participantes coa súa titulación, etc.

Undécima

Para a inclusión de actividades organizadas directamente pola entidade deportiva asinante nos Proxectos “Gañamos Todos” e “Educa” deberase solicitar a inclusión nos mesmos e presentar a documentación requirida para a súa realización.



Concello de Vigo

Duodécima

A Concellería de Deportes a través do seu persoal técnico municipal, reservase a facultade de controlar o desenvolvemento dos programas das escolas das Entidades deportivas cando sexa oportuno, así como de emitir informes sobre o debido cumprimento das obrigas contraídas nas materias contempladas no presente convenio.

Décimo terceira

O persoal técnico da Concellería de Deportes, en colaboración coa entidade asinante, realizará o seguimento, control e avaliación do desenvolvemento do programa, prestando o seu asesoramento técnico e colaboración ante calquera petición da entidade, actuando ademais como cauce de comunicación continua entre a dúas institucións. Reuniranse cando o consideren necesario, polo menos unha vez o mes.

Décimo cuarta

A entidade deportiva establece como coordinador deportivo, e persoa que realizará o contacto ca Concellería de Deportes a A Entidade Deportiva comunicará calquera modificación que se produza a Concellería de Deportes.

Décimo quinta

Crearase unha Comisión Técnica Mixta, coa finalidade prevista no artigo 49 apartado f) da lei 40/2015 de 1 de Outubro, de réxime xurídico do sector público, especialmente para a coordinación e o seguimento das diferentes actuacións desenvoltas ao abeiro do presente convenio, que estará constituída por: Dous representantes da Concellería de Deportes e dous representantes da entidade deportiva (o presidente e o coordinador deportivo). Esta comisión se reunirá sempre que unha das partes o solicite e será a encargada de resolver cantas cuestións se poidan plantexar.

Décimo sexta

Tódalas incidencias e necesidades en cada unha das escolas serán transmitidas coa maior celeridade posible o departamento correspondente da Concellería de Deportes, para o seu fluído tratamento e coñecemento.

Décimo sétima

Este convenio está suxeito a norma imperativa de Dereito Público que regula os convenios administrativos e demais que resulten de aplicación e especialmente a lei 10/1990, de 15 de Outubro, do deporte; lei 3/2012 do deporte de Galicia, art. 57 da lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de réxime local, art. 48 e ss da lei 40/2015 de 1 de Outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, art. 86 da lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública.

Asi mesmo, o presente convenio queda excluído do Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 9/2017, de 8 de novembro.

Décimo oitava

Será motivo de rescisión do mesmo incorrer nalgunha das seguintes causas:

1.- Acordo unánime de todos os asinantes.

2.- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar a parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo o valor económico das obrigas deixadas de cumprir.

3.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

4.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

Décimo novena

Este convenio poderá prorrogarse un ano durante un máximo de 1 prórroga, por acordo expreso da Xunta de Goberno Local, se ambas partes manteñen a colaboración no Programa Municipal de Escolas Deportivas seguindo o establecido no artigo 49.h da lei 40/2015 do 1 de Outubro, de réxime xurídico do sector público.

Esta prórroga deberán ser autorizadas expresamente polo servizo de deportes e soamente poderán sufrir modificacións organizativas e de actualización de datos das entidades deportivas.

Como proba de conformidade, as partes intervinientes asinan este convenio por triplicado

O Concelleiro Delegado de Deportes

D. José Manuel Fernández Pérez

Pola Entidade Asinante
Dn/Dna.

11(967).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL (EIM) MESTRES GOLDAR-CASTRELOS. EXPTE. 25377/332.

Visto o informe xurídico do 21/10/2021 e o informe de fiscalización do 25/10/2021, dáse conta do informe-proposta do 05/10/2021, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 09 de setembro de 2021, o Concelleiro de Educación resolveu “iniciar un novo expediente administrativo para a contratación da xestión da Escola Infantil Municipal (EIM) Mestres Goldar-Castrelos”.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:



Concello de Vigo

- Informe xustificativo da necesidade da contratación de data 06/09/2021, conformado polo Concelleiro de Facenda o 09/09/2021 e pola Secretaria do Goberno Local o 09/09/2021.
- Resolución do Concelleiro de Educación de 07/09/21, conformada polo Concelleiro de Facenda o 09/09/2021 e pola Secretaria do Goberno Local o 09/09/2021, pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria Económica, redactada polo servizo de Educación, de 10/10/21.
- Documento económico (RCFUT), de 13/09/21.
- Declaración do redactor do Prego técnico, do 14/09/21.
- Prego de prescricións técnicas (PPT e anexos) de data 20/09/2021, redactado polo servizo de Educación.
- Memoria Xustificativa de data 04/10/21, redactada polo servizo de Educación.
- Informe de data 04/10/21 da xefa do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 04/10/21, redactado polo servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: a xestión parcial da Escola Infantil Municipal “Mestres Goldar-Castrelos”, que comprende a atención total de nenos e nenas que se escolarizarán nela, tanto nos aspectos educativos previstos na Lei orgánica 2/2006 de educación (LOE) para o primeiro ciclo de educación infantil, como na súa alimentación, coidado e hixiene dentro do horario da escola, e a xestión e administración do centro baixo a coordinación do Servizo de Educación, e de acordo cos requisitos contidos neste prego e no de prescricións técnicas.

Duración: catro (4) anos, máis unha posible prórroga dun ano de duración

Prezo: estímase un prezo anual do contrato de 241.775,34 euros

Aplicación orzamentaria (e bolsa de vinculación):

3230.227.99.14 “EIM Mestres Goldar-Castrelos”

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP). A resolución segundo o artigo 117 da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, **propónse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Mestres Goldar-Castrelos.

2º.- Aprobar o Prego de prescripcíons técnicas (e anexos) de 20/09/2021 redactado polo Servizo de Educación, e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 04/10/2021 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Mestres Goldar-Castrelos, por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 967.101,36 euros (170.707,61€ na anualidade de 2022; 241.775,34€ nas anualidades de 2023, 2024 e 2025; e 71.067,73€ na anualidade de 2026), importes exentos do IVE, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Mestres Goldar-Castrelos, por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230.227.99.14 ("EIM Mestres Goldar-Castrelos"), e bolsa de vinculación.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

12(968).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DO "COMITÉ ESPAÑOL DE ILUMINACIÓN", POLA ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO "XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO" REALIZADO DO 29 DE SETEMBRO AO 1 DE OUTUBRO DE 2021. EXPTE. 52154/444.

Visto o informe xurídico do 13/10/2021 e o informe de fiscalización do 21/10/2021, dáse conta do informe-proposta do 14/10/2021, asinado pola xefa de Electromecánicos e Aforro Enerxético, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES, RAZÓNS DE OPORTUNIDADE E OBXECTIVOS DA SUBVENCIÓN.

- I.- A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, en base aos principios de colaboración, cooperación e asistencia entre as diferentes Administracións Públicas no exercicio das súas competencias e en asuntos de interese común que se recollen na Lei 40/2015, de 1 de outubro, veñen desenvolvendo diversas actuacións para a mellora da eficiencia enerxética tanto no proxectos de humanización das rúas da cidade, como nos propios proxectos de mellora das infraestruturas dos campos de fútbol. Estes proxectos contemplan investimentos moi importantes na incorporación de novas tecnoloxías nos sistema de iluminación o que redunda tanto na eficiencia lumínica, como no aforro do consumo de enerxía.
- II.- A vista da solicitude realizada polo Comité Español de Iluminación o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos resolveu con data 05/07/2021, que se iniciase o expediente orientado á tramitación dun convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra



Concello de Vigo

para colaborar conxuntamente neste proxecto e posibilitar a súa realización en Vigo, tendo en conta que a proposta do Simposium Nacional de Alumeado atópase relacionado a exposición de ponencias no marco da eficiencia enerxética, redución da dependencia enerxética así como a aplicación de novas tecnolóxicas no ámbito da iluminación pública, obxectivos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia aprobado polo Goberno de España, polo cal, o estudo, análise e debate sobre este ámbito posibilitará un mellor desenvolvemento das actuacións vinculadas con este ámbito.

Esta cita representa unha oportunidade para potenciar conxuntamente o estudo de eficiencia enerxética e a optimización de gastos enerxéticos derivada da iluminación pública.

III.- Polo exposto, cóntase para esta iniciativa coa colaboración da Deputación de Pontevedra, en virtude do convenio de colaboración desenvolto no expte. 52048-444, formalizado con data 27.09.21, para desenvolvemento do evento, así como para establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a promoción do sector profesional das industrias tecnolóxicas de iluminación e a súa importancia laboral, social e económica de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración do XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO, na procura do cumprimento, entre outros, dos seguintes obxectivos:

- Promoción das industrias e profesionais do sector tecnolóxico da iluminación.
- Fomento na opinión pública da importancia social e económica do sector da iluminación, aforro enerxético e cidades intelixentes.
- Mellorar o posicionamento estratéxico no desenvolvemento e coñecemento tecnolóxico no sector da iluminación pública sostible.

III.- Ata a data realizáronse as seguintes xornadas de dispoñibilidade co conseguinte custo (inclúense os correspondentes a prolongación de xornada):

Mes	n xornadas realizadas	Custo*
Xaneiro	388	90.122,03 €
Febreiro	307	71.903,28 €
Marzo	363	84.948,15 €
Abril	387	89.931,52 €
Maio	388	90.040,33 €
junio	384	89.745,47 €
julio	486	113.190,00 €
Agosto	446	103.507,01 €



Concello de Vigo

IV.- En data 14/09/2021, (Expte 77559-212) solicitase a ampliación das xornadas autorizadas no terceiro trimestre do ano na cantidade de 150 xornadas a maiores o que supón un gasto de **35.259,28€**.

V.- Por outra banda, en Expte 77574-212, solicitase a autorización das xornadas do cuarto trimestre de 2021, por un total de 1100 xornadas como máximo para o persoal do servizo da Policía Local, que terían un custe de 255.649,21 €,

No periodo xaneiro-setembro 2021 autorizaronse un total de 3517 xornadas que supoñen un gasto, aprox de 819 192,81€, toda vez que aínda non se tramitou o aboamento correspondente as xornadas realizadas no mes de setembro 2021.

Deste xeito, en data 06/10/2021 (Expte 38560-220) autorízase as xornadas restantes para a súa realización no 4 trimestre do ano 2021 e que supón un total de 66 xornadas por importe de 66322,61€

VII.- A xustificación do incremento solicitado do número de xornadas anuais basease, tal e como se recolle no informe da Policía Local de data 21/09/2021, na carencia de medios persoais do Corpo de Policía Local de Vigo para a realización das funcións das Policía locais reguladas no art. 53 da L.O. 2/86 de Forzas e Corpos de Seguridade, e na Lei 4/07 de Galicia sobre Coordinación das Policía locais de Galicia.

Amáis engadese a implicación da Policía Local na pandemia covid-19, coas tarefas adicionais que supoñe a mesma e outras circunstancias como é o inicio do curso escolar, que supón o establecemento do servizo de vixilancia e control en horario de entrada e saída aos numerosos centros escolares do noso municipio, coa finalidade de garantir que os alumnos, educadores, pais ou demais persoal, poidan acceder ás instalacións coa protección adecuada, a gran afluencia prevista tanto de persoas como de vehículos, durante os meses de Outubro, novembro e nadal ao recentemente inaugurado Centro Comercial Vialia polo que será necesarop dispor dun dispositivo especial de vixilancia, e regulación de tráfico en toda a zona de influencia; o reinicio da actividade deportiva do Celta, que Real Club Celta e as visitas á nosa cidade de cruceiros, entre outros.

Este incremento da actividade de control por parte dos efectivos da Policía Local supoñen, segundo o indicado no informe, unha dedicación imposible de prever cando se solicitou a prórroga á Xunta de Goberno Local do Acordo Marco para a ampliación das xornadas laborais para o servizo de Policía Local, que se estableceron en 3.809 xornadas. Por este motivo propónse un incremento aproximado do 20% das xornadas establecidas, sendo inferior á porcentaxe que supuxo a actividade do covid sobre a actividade normal da Policía Local.

A realización das xornadas de dispoñibilidade aboaranse en concepto de produtividade, concepto que forma parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, recollidas tanto no TREBEP como R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, e esta destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen dereito individual algún verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais dos traballadores/as.

O programa de dispoñibilidade da Policía Local aprobado pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria do 22 de xuño de 2017 (Expte 30140-220), conta coa conformidade sindical, tal e como consta no documento incorporado a dito expediente no trámite nº 21, segundo do disposto no artigo 37 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido 5/2015 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-"Produtividade", propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

"PRIMEIRO.- Autorizar a a ampliación do número de xornadas de dispoñibilidade para o servizo da Policía Local, nun total de 800 xornadas amais das xa autorizadas para o ano 2021, segundo a petición formalizada polo Xefe da Policía Local, en aplicación dos requisitos e condicións do Programa para a realización de reforzos por persoal do dito Corpo aprobado pola Xunta de Goberno en data 22/06/2017 e prorrogado para o ano 2021, según Acordo da Xunta de Goberno de data 11/12/2020.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto que en tal concepto se derive por un importe máximo de 186.610,75 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.0000 (Produtividade) dos Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2021.

Notificar a presente resolución á Xefatura do Corpo da Policía Local, Sr. Concelleiro/a delegado/a da Área correspondente e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos."
Vigo, data sinatura dixital

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(978).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á "AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA", PARA O FINANCIAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO XXV EDICIÓN DO MARATÓN FOTOGRÁFICO 2021. EXPTE. 4031/330.

Visto o informe xurídico do 07/10/2021, e o informe de fiscalización do 19/10/2021, dáse conta do informe-proposta de data 01/10/2021, asinado polo xefe do Servizo de



Concello de Vigo

Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 22 de setembro do 2021, "A Agrupación Fotográfica Galega" presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento da XXV Edición do Maratón Fotográfico 2021; por este motivo, con data 22 de setembro do 2021, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, por importe de 8.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.18 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A **AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALLEGA** é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a difusión e promoción da fotografía, onde teñen cabida fotógrafos de todo tipo de tendencias e procedencias. Fundada en 1946 é a primeira entidade deste tipo que xurdiu en Galicia e caracterizouse por ser aberta a todas as persoas afeccionadas á fotografía. Dende o ano 1991 organizan ininterrompidamente o Maratón Fotográfico, un evento totalmente arraigado na cidade.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

Este ano 2021 o Maratón Fotográfico componse de dúas partes: Un Maratón fotográfico presencial e un virtual

O Maratón fotográfico presencial é un concurso fotográfico de 24 horas de duración cun control de saída e outro de chegada. As/os participantes deberán fotografar sobre catro temas propostos pola organización entregar unha foto por cada un deles no control de chegada.

Posteriormente a organización realizará unha selección das obras presentadas e confeccionarase unha exposición sobre a que o xurado elixirá as series gañadoras.

O Maratón Fotográfico presencial "Concello de Vigo" comezará as 11:00 do día 25 de setembro de 2021, na Praza do Pobo Galego de Vigo (detrás do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia). Tras facer o control de saída no que as/os participantes recibirán unha camiseta conmemorativa e outro agasallo, recordaranse as normas do concurso e as 12:00h darase a saída oficial e informarase dos catro temas. A partir dese momento e durante ata as 12:00 do 26 de setembro poderán facer fotos, procesalas, escoller, etc. pero antes das 12:00 do día 26 terán que entregar as catro fotos que representen os temas propostos.

O Maratón Fotográfico Virtual "Concello de Vigo" é un concurso de fotografía no que os e as participantes deben fotografar, durante 36 horas, sobre catro temas propostos pola organización. E terán que enviar ao correo da AFG catro fotos, correspondentes aos temas propostos. Posteriormente a organización realizará unha selección das obras presentadas e confeccionarase unha exposición sobre a que o xurado elixirá as series gañadoras.

O Maratón Fotográfico Virtual "Concello de Vigo" comezará as 12:00 do día 25 de outubro de 2021, nese momento enviaráselles ás persoas inscritas un correo electrónico cos catro temas sobre os que terán que facer as fotos. Durante todo o 25 e 26 de setembro poderán facer fotos, procesalas, escoller, etc. pero antes das 00:00 do día 26 de setembro terán que enviar ao correo electrónico da AFG as catro fotos que representen os temas propostos.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 13.705 € (trece mil setecentos cinco euros), dos que o Concello de Vigo achega 8.000 €.

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- CIF da empresa
- Escrituras da empresa
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a "Agrupación Fotográfica Galega" para o desenvolvemento da XXV Edición do Maratón Fotográfico 2021, rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a "Agrupación Fotográfica Galega" deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2021 como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-



Concello de Vigo

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a "Agrupación Fotográfica Galega" ten como obxecto financiar o desenvolvemento da "XXV Edición do Maratón Fotográfico 2021", figurando na aplicación **3340.480.00.18** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 8.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a "Agrupación Fotográfica Galega" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 8.000 € (oito mil euros) a "Agrupación Fotográfica Galega" CIF. G36733616, para o financiamento da organización do XXV Edición do Maratón Fotográfico 2021 organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.18 "SUBVENCIÓN MARATÓN FOTOGRÁFICO", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

1. E de responsabilidade da Entidade :
 - a. A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
 - b. A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
 - c. Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión,

aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

- d. Cumprimento das medidas sanitarias adoptadas polas autoridades sanitarias en cada momento por mor da COVID-19.
2. Actuará como interlocutora única ante a CONCELLERÍA D. ALFONSO DURÁN CASTILLO , presidente da Agrupación.
3. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
4. Ter incorporado os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
5. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
6. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
7. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos ter contratado e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se puido producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa subvencionado.

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (8.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención



Concello de Vigo

poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención, tendo como límite o 11 de novembro de 2021.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.

2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
 - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
 - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
 - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
 - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2021 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.



Concello de Vigo

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(979).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á "ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA DE GALICIA", PARA O FINANCIAMENTO DA XLIII EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA DE GALICIA 2020. EXPTE. 4032/330.

Visto o informe xurídico do 08/10/2021, e o informe de fiscalización do 19/10/2021, dáse conta do informe-proposta de data 01/10/2021, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o día 22.09.2021, a entidade "Asociación Premios da Crítica de Galicia" presenta solicitude de subvención nominativa para o financiamento da XLIII Edición dos Premios da Crítica de Galicia 2020, con cargo ao orzamento do 2021, polo importe de 9.000 euros (dentro do período subvencionable do exercicio económico 2021) ; por este motivo, con data 22.09.2021 o concelleiro delegado da Área de Cultura e Emprego resolve a incoación do expediente para a concesión dunha



Concello de Vigo

subvención nominativa a entidade "Asociación Premios da Crítica de Galicia" para o financiamento da XLIII Edición dos Premios da Crítica de Galicia 2020, con cargo á aplicación orzamentaria do exercicio 2021, partida 3340.480.00.14 "Subvención Premios da Crítica", polo importe de 9.000 euros.

O concelleiro delegado da Área de Cultura coa data 30 de setembro resolveu minorar o importe de 9.000 euros da subvención a conceder á entidade "Asociación Premios da Crítica de Galicia" para o financiamento da XLIII Edición dos Premios da Crítica de Galicia 2020 dado que o custe da dita actividade subvencionada é de 7.391,62 euros (IVE incluído) e o importe dos ingresos, excluindo a subvención do Concello de Vigo, ascende á cantidade de 601,96 euros, correspondéndolle en consecuencia en concepto de subvención a cantidade de 6.789,66 euros

A dita resolución foi notificada á entidade interesada, (acuse de recibo do 30 de setembro), dándolle un prazo de dez días para presentar unha reformulación da solicitude de subvención polo importe de 6.789,66 euros.

O día 30 de setembro de 2021 a "Asociación Premios da Crítica de Galicia", presenta na sede electrónica do Concello escrito de reformulación da solicitude de subvención polo importe de 6.789,66 euros.

ANTECEDENTES.-

A **ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** é unha institución con carácter de Fundación Cultural privada que ten como obxectivo estimular e favorecer a cultura galega en xeral e, en particular, o fomento das artes plásticas, etnografía, socioloxía, economía, campos para o que a asociación organiza a convocatoria anual dos **PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA**. Estes premios instituíronse coa finalidade de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos para os diversos ámbitos da creación cultural e da investigación en Galicia.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

Os Premios da Crítica de Galicia abranguen as seguintes modalidades:

Creación literaria, investigación, música, iniciativas culturais e científicas, artes plásticas, arte escénicas, cine e artes audiovisuais e cultura gastronómica.

Os ditames de cada unha das modalidades déronse a coñecer no curso dun acto público que tivo lugar o sábado 21 de novembro do 2020 na sede de Afundación, na cidade de Vigo.

A memoria económica que se achega, incorpora o orzamento xeral de ingresos e gastos do programa polo importe total de 7.391,62 € (sete mill trescentos noventa e un con sesenta e dous céntimos), dos que o Concello de Vigo achega 6.789,66 euros, correspondente a diferenza entre o custo da actividade subvencionada e os ingresos obtidos pola entidade.

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitude de reformulación do importe da subvención

- Memoria e orzamento da actividade
- NIE da presidenta da Asociación
- CIF da empresa
- Estatutos de Constitución da Entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Poliza do seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento deste.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a "Asociación Premios da Crítica de Galicia" para o financiamento da XLIII Edición dos Premios da Crítica de Galicia 2020, con cargo ao orzamento do 2021, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA DE GALICIA deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2021 como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo ao ASOCIACIÓN "Asociación Premios da Crítica de Galicia" para o financiamento da XLIII Edición dos Premios da Crítica de Galicia 2020 con cargo ao orzamento do 2021, figurando na aplicación **3340.480.00.14** do orzamento



Concello de Vigo

municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de **6.789,66 €**, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA DE GALICIA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 6.789,66 € (SEIS MIL SETECENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E SEIS CÉNTIMOS) a "Asociación Premios da Crítica de Galicia" (G27847839) para o financiamento da XLIII Edición dos Premios da Crítica de Galicia 2020, con cargo ao orzamento 2021, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.14 “SUBVENCIÓN PREMIOS DA CRÍTICA”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

1. E de responsabilidade da Entidade :
 - 1) A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
 - 2) A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
 - 3) Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
 - 4) Cumprimento das medidas sanitarias adoptadas polas autoridades sanitarias en cada momento por mor da COVID-19.
2. Actuará como interlocutor único ante a CONCELLERÍA Don Bieito Ledo Cabido , presidente da entidade
3. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
4. Ter incorporado os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada

5. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
6. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
7. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos de contratar e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (6.789,66 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que



Concello de Vigo

o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 11 de novembro do 2021.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados desde o 11 de novembro do 2020 ao 11 de novembro do 2021 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).



Concello de Vigo

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(980).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS PROCEDIMENTOS DE RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVOS, NOS PROCEDIMENTOS SANCIONADORES DA CONCELLERÍA-DELEGADA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE, MULTAS DE CIRCULACIÓN E LIQUIDACIÓNS DAS TAXAS PRACTICADAS POLA RETIRADA E CUSTODIA DE VEHÍCULOS NO DEPÓSITO MUNICIPAL. EXPTE. 16863/541.

Visto o informe xurídico de data 21/10/2021 e o informe de fiscalización do 26/10/2021, dáse conta do informe-proposta do 11/10/2021, asinado polo tesoureiro municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 24 de marzo de 2017, aprobou o expediente de contratación nº 16863/541, dos servizos de colaboración en procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidación de taxas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal, que contén o Prego de Cláusulas Administrativas, as FEC, o Prego de Prescricións Técnicas Particulares e a apertura do procedemento de contratación.

2.- O mesmo órgano, en sesión extraordinaria celebrada o 7 de setembro de 2017, vistos os informes favorables e a proposta da Mesa de Contratación, adoptou o acordo de "*Adxudicar á mercantil SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U por procedemento aberto a contratación dos servizos reflectidos no apartado 2A das FEC.*



Concello de Vigo

3.- O Contrato formalizouse no correspondente documento administrativo o 28 de decembro de 2017.

4.- A prestación do servizo comezou o 1 de xaneiro do ano 2018.

5.- O prazo do Contrato é de 4 anos.

6.- O contrato ten posibilidade de dúas prórrogas anuais.

Conforme ao disposto na cláusula 7 do prego de cláusulas administrativas particulares e apartado 4 das FEC, o contrato ten unha duración de 4 anos contados dende a data de inicio da prestación dos servizos, - 1 de xaneiro de 2018-, podendo ser obxecto de 2 (dúas) prórrogas de carácter anual, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo. No caso de que o adxudicatario pretenda renunciar á calquera das prórrogas, deberá notificarlo ao Concello de Vigo, cun mínimo de 10 meses de antelación á data de finalización do período contractual vixente. En caso contrario, o Concello de Vigo poderá acordar a prórroga en calquera momento antes do seu vencemento.

Con data 25 de setembro, D. Pascual Seguí Bañuls, con DNI 73907843B, como representante da mercantil Servicios de Colaboración Integral SLU, CIF:96067400, que tendo por presentado o escrito, solicita a prórroga do Contrato por un ano, unha vez vencida a duración inicial do contrato, que ademais se considere o escrito, como manifestación de conformidade.

Hai que manifestar, que aínda no suposto de que o contratista non fixese chegar o escrito, como non rexeitou a prórroga cun prazo de antelación de 10 meses ao do remate do contrato, sería obrigatoria a súa aceptación.

INFORME:

1.- Fundamentos xurídicos

1.- O réxime xurídico da tesourería das entidades locais atópase regulamentado nos artigos 194 e seguintes do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que dispoñen que constitúen a tesourería das entidades locais todos os recursos financeiros, sexan diñeiro, valores ou créditos, da entidade local, tanto por operacións orzamentarias como extraorzamentarias.

2.- Con respecto ás funcións encomendadas ás tesourerías locais, o artigo 196 da LRFL, establece que son as seguintes:

- Recadar os dereitos e pagar as obrigas.
- Servir ao principio de unidade de caixa, mediante a centralización de todos os fondos e valores xerados por operacións orzamentarias e extraorzamentarias.
- Distribuír no tempo as dispoñibilidades dinerarias para a puntual satisfacción das obrigacións.
- Responder dos avais contraídos.
- Realizar as demais que se deriven ou relacionen coas anteriormente numeradas.

3.- Pola súa beira, o artigo 5 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, regula as funcións de tesourería e recadación, no se apartado 2) regula as funcións de recadación:

- A xefatura dos servizos de xestión de ingresos e recadación.
- O impulso e dirección dos procedementos de xestión e recadación.
- A autorización dos pregos de cargo de valores que se entreguen aos recadadores, axentes executivos e xefes de unidades administrativas de recadación, así como a entrega e recepción de valores a outros entes públicos colaboradores na recadación.
- Ditar a providencia de prema nos expedientes administrativos deste carácter e, en todo caso, resolver os recursos contra a mesma e autorizar a poxa de bens embargados.
- A tramitación dos expedientes de responsabilidade que procedan na xestión recadadora.

4.- O artigo 14 e seguintes do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, por lo que se aproba o Regulamento xeral de Recadación, regula a recadación da Facenda Pública das entidades Locais e dos seus organismos autónomos.

5.- O artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, establece que a xestión dos recursos públicos estará orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía e a calidade, a cuxo fin aplicaranse as políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión do sector público.

II. En relación coa vontade do contratista e oposición á prórroga

A data de inicio do contrato asinado coa mercantil SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, SLU, foi o 1 de xaneiro de 2018, a duración inicial deste contrato remata o 31 de decembro de 2021.

Tendo en consideración as necesidades que se pretendían satisfacer co contrato, ao persistir na actualidade as mesmas, deberá adoptarse pola Xunta de Goberno Local un acordo expreso de prórroga contractual nos termos previstos na cláusula 7 do prego de cláusulas administrativas particulares e o apartado 4 das FEC. No prazo previsto no PCAP, non hai oposición á prórroga polo contratista, téndose que producir o rexeitamento cunha antelación de 10 meses, situación que non concorre no expediente.

Hai que manifestar a predisposición feita por escrito da adxudicataria do servizo a continuar coa prestación do mesmo durante o período da primeira prórroga, non constando oposición da mesma dentro do prazo de antelación indicado nos citados documentos.

En todo caso, a decisión que se propoña e adopte o órgano competente, queda comprendida dentro do ámbito de aplicación, tanto subxectivo como obxectivo, da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Susceptibilidade Financeira, no que se enmarca o artigo 7.3 (.....), os contratos e os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación dos suxeitos incluídos no ámbito da Lei que afecten aos gastos ou ingresos públicos presentes e futuros, deberán valorar as repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.



Concello de Vigo

II. Xustificación da mesma

No informe desta tesourería de data 22 de xullo de 2016, -xustificativo das necesidades a satisfacer obrante no expediente, poñíase de manifesto, entre outros extremos, a necesidade de contar cun apoio técnico nos procesos e procedementos de xestión executiva en vía de prema para xestionar con maior eficiencia o servizo. A mellora do resultado nas contías da recadación en vía executiva foi substancial, así como na recadación das sancións, xustificando a toma de decisión feita no seu día e a necesidade de continuar co servizo técnico de apoio.

A xestión recadadora do Concello de Vigo, tanto no período voluntario como no período executivo, realizase directamente pola propia Entidade Local, de conformidade co disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e artigo 8.a) do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación.

A recadación en período voluntario realizase a través de entidades colaboradoras, desempeñando a entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, SA a condición de entidade xestora (expediente 16026/541), mentres que a condición de entidades colaboradoras a teñen por convenio varias entidades financeiras.

Polo que respecta á recadación en período executivo, esta realízase directamente pola Entidade Local, por persoal municipal adscrito ó servizo de recadación, se ben dende abril de 1994, e tendo en conta a insuficiencia de medios con que contaba a Administración municipal para xestionar adecuadamente o servizo, decidiuse contratar unha prestación dos servizos de colaboración na xestión recadadora municipal da totalidade dos ingresos, tributarios ou non, susceptibles de ser xestionados en período executivo, así como a xestión e recadación das multas de tráfico nos seus períodos voluntario e executivo.

A experiencia puxo de manifesto o acertado da medida, sendo a mellora constatable, que pode resumirse:

- Nun incremento notable do importe recadado.
- Mellora substancial na xestión dos procedementos.
- Maior calidade do servizo prestado aos contribuíntes, pois non debe perderse de vista o marcado carácter social da recadación executiva como instrumento ao servizo da política económica xeral e, máis en concreto, como mecanismo fundamental de redistribución da renda e a riqueza.
- Maior eficiencia evitando a prescrición de valores.
- Maior atención e especialización nos procedementos concursais.
- Implementación metodolóxica dos procedementos de recadación.

Polo que se refire á necesidade ou conveniencia de manter un contrato de colaboración cos servizos recadatorios municipais, en definitiva o modelo organizativo actual, compre subliñar que o Concello de Vigo, e máis en concreto os servizos municipais de recadación, non contan na actualidade coa infraestrutura de recursos humanos e materiais axeitada para a prestación dos servizos adecuadamente, contando unicamente coa adscrición efectiva do recadador executivo municipal como persoal funcionario e dun economista, de tal xeito que

calquera reconsideración do modelo actual de prestación tería que ir aparelada coa dotación previa aos servizos municipais de recadación dos medios imprescindibles, humanos, materiais e informáticos, para garantir unha adecuada prestación do mesmo.

Tendo en consideración as limitacións legais para a incorporación de medios humanos, que veñen impostos pola limitación na Taxa de Reposición de Efectivos (TRE), e a necesidade de manter a calidade e eficiencia na prestación dos servizos, é aconsellable acudir a unha contratación, neste caso, a prórroga do contrato de servizos de apoio para esta finalidade.

Na actualidade subsisten as causas que motivaron a licitación da prestación, e que tamén están xustificadas na memoria que se achega no expediente en fase de licitación.

IV. Satisfacción na prestación dos servizos contratados

A mercantil SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, SL, ven prestando ao Concello de Vigo o servizo contratado dende a data de inicio da prestación, con suxeición ás condicións establecidas nos pregos de condicións e cláusulas administrativas particulares, e habéndose obtido uns resultados satisfactorios.

É necesario poñer en valor o extraordinario esforzo feito no desenvolvemento dos aplicativos informáticos na xestión recadatoria, a súa integración entre o servizo de recadación voluntaria e executiva e co sistema contable, os procedementos estandarizados, a homoxeneización de informes, a mellora nos servizos de atención, e por suposto, como obxectivo fundamental, a mellora nas porcentaxes de recadación e a minoración porcentual de custe por euro recadado.

O obxecto contractual ten sido desenvolvido a plena satisfacción da institución e do responsable do contrato, desenvolvendo ferramentas informáticas que melloraron a xestión e os índices de recadación, como resultado, baixou a porcentaxe de gasto por euro recadado.

Polo exposto, entende o funcionario que subscribe que debe procederse a prorrogar o contrato de colaboración dos servizos municipais de recadación na tramitación dos expedientes administrativos de recadación dos ingresos municipais de Dereito Público que se atopen no período executivo de ingreso, así como a colaboración na tramitación dos expedientes para a xestión administrativa e a recadación en período voluntario de ingreso das sancións impostas como consecuencia da tramitación de expedientes sancionadores en materia de tráfico, formalizado coa empresa SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L., por un período anual máis, isto é, dende o día 1 de xaneiro de 2022 até o día 31 de decembro do ano 2022, primeira prórroga que prevé o PCAP.

A competencia para a adopción do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

V.- Melloras que formaron parte dos criterios suxeitos a xuízo de valor, na oferta

Apartado	Cod.oferta	Imp.mejora	Imp.executado	En execución	Pte ±
I	1.2.1	120.000,00	160.691,62		40.691,62
II	1.2.1	12.000,00			-12.000,00



Concello de Vigo

III	1.2.1	20.000,00		20.000,00	,00
IV	1.2.1	35.200,00	32.400,00	,00	-2.800,00
V	1.2.2	52.200,00	56.666,67	,00	4.466,67
VI	1.2.2	65.000,00	65.762,00		762,00
VII	1.2.3	80.000,00	127.673,30		47.673,30
VIII	1.2.3	6.000,00			-6.000,00
IX	1.2.3	20.000,00	7.200,00	8.280,00	-4.520,00
X	1.2.3	6.000,00			-6.000,00
XI	1.2.3	60.000,00	18.000,00	24.480,00	-17.520,00
XII	1.2.3	28.000,00	14.400,00	12.400,00	-1.200,00
XIII	1.2.3	40.000,00	16.200,00	16.560,00	-7.240,00
XIV	1.2.3	6.000,00	8.820,00		2.820,00
XV	1.2.3	20.000,00	4.310,00		-15.690,00
XVI	1.2.3	20.000,00		14.872,50	-5.127,50
Total		590.400,00	512.123,59	96.592,50	18.316,09
Executado ou en execución				608.716,09	

O expedientes que están en execución, son:

- A adaptación da Sede electrónica a APP municipal, para consulta da débeda pagos de tributos...
- A integración no xestor corporativo de expedientes de acceso a solicitudes tributarias dende a carpeta cidadá.
- Desenvolvemento no xestor corporativo de expedientes de tramitación de procedementos de recadación.
- Integración de contidos xurídico-tributarios a través da carpeta cidadá.
- Desenvolvemento avisos individualizados na carpeta cidadá, reforzo integración notificacións electrónicas.
- Campaña de loita contra fraude fiscal.

VI.- Invetimentos que figuraban nos criterios obxectivos.

Cod.Oferta	Importe Oferta	Executado	en execución	Reserva novas pPDA	Pte ±
8.B.3.1*	791730	182.457,75	169.675,00	171.000,00	-268.597,25
8.B.3.2	80.000,00	,00	80.058,16		58,16
8.B.3.3**	40.000,00				-40.000,00

* Son os equipos de captura, PDAs, ofertan alternativas para outros dispositivos de captura

Os investimentos comprometidos foron incorporados nos prazos ofertados, coa excepción do número de equipos móbiles de captura e emisión electrónica de denuncias, que se entregan en función das solicitudes que fai o Servizo da Policía Local, e que a esta data, téñense solicitado e entregado 1/3 dos mesmos.

As características destes dispositivos (PDA), están determinados no apartado 5.2.4 do Tomo I contido no sobre B da oferta.

Tendo en conta que o servizo da Policía Local non demanda máis dispositivos, é necesario deixar en reserva un número determinado de unidades para afrontar as prórrogas do contrato si estas se acordasen polo órgano competente e facer entrega dos dispositivos ás novas promocións de entrada de Policía que se producirán nos anos 2021-2022 en execución de Ofertas de Emprego Público pendentes.

Coa restante dotación ofertada, que se acreditará deducindo da contía que figura na oferta para este investimento, 791.730,00 euros, o valor acreditado dos investimentos realizados nestes dispositivos e o correspondente a unha reserva adicional, poderíase aplicar a adquisición e instalación doutros dispositivos de captura e emisión electrónica en substitución dos actuais.

Estes dispositivos móbiles de captura e emisión electrónica de denuncias, tiña como obxectivo a diminución de custes que supón a emisión das denuncias en papel e o seu rexistro posterior no sistema informático, co risco de perda da denuncia en papel, erros no seu rexistro, tempo engadido neste proceso, etc, do que a preservadora do servizo esperaba no tempo resultar algo beneficiada polos aforros que supoñía o investimento, polo que o interese está non só na entrega deste dispositivos, senón no seu uso para a finalidade concreta.

Os dispositivos fixos de captura e emisión da infracción, beneficiarían ao Concello:

- Novos límites de velocidade que veñen reflectidos na modificación do Regulamento Xeral de Circulación mediante o Real Decreto 970/2020, de 10 de novembro, publicado no Boletín Oficial do Estado (BOE) o 11 de novembro.
- Permiten repoñer uns equipos que non van a consumir recursos públicos con cargo ao Orzamento Municipal.
- Non se trata de novos equipos, senón da reposición dos actuais. Non hai polo tanto, unha alteración no mapa vixente dos equipos instalados.
- Supón a incorporación dunha tecnoloxía actualizada, en substitución doutra que ten máis de 20 anos.
- Supón dar maiores garantías e seguridade a información obtida en relación aos medios actuais, aportando tamén, unha maior seguridade, se fose o caso, para o infractor.

Polo tanto, estase a propor un cambio na aplicación de medios, cuxa finalidade non é alterable, xa que os equipos de captura e misión electrónica en vez de ser PDA, equipos móbiles, pasan a ser a reposición de sistemas de captura e emisión electrónica con equipos fixos.

VII.- Condicións económicas da prórroga



Concello de Vigo

Na oferta da adxudicataria, SCI, SLU, figuraba uns investimentos que se comprometía a executar, que están cumpridos, e que en algún caso, como eran os equipos de captura e emisión electrónica de denuncias, non foron demandados polo Servizo de Policía Local na súa totalidade, o cal, estase a espera da toma en consideración de utilizar eses recursos non aplicados a esa finalidade en melloras nos sistemas de captura electrónica de datos e información para a tramitación posterior de liquidación de ingresos municipais.

Concepto	Nº	importe
INVESTIMENTOS		
Equipos de captura e emisión electrónica de denuncias	926	791.730,00
Hardware de BBDD e servidores de aplicacións	70.400/35.200	928.890,00
Licencia Oracle		98.455,00
Melloras previstas no sobre B		588.400,00
EDITRAN		9.695,30
Outros equipos informáticos		19.630,00
Total investimento		2.436.800,30
GASTOS DE EXPLOTACIÓN/ano		
Gastos de persoal	33	1.255.909,29
Custe de notificacións		483.115,00
Melloras distintas dos equipos de captura (publicidade e formación)		30.000,00
Custes fixos, licencias aplicación, mantemento e telefonía PDAs e outros		170.818,59
Outros custes		21.452,89
Amortización		609.200,08
Total gastos explotación		2.570.495,85

Á vista da Estrutura de custes, a dotación a amortización non é imputable á prorroga do contrato, polo que hai que deducila da liquidación anual.

Este contrato non ten unha retribución fixa, aplícase unha porcentaxe fixa, segundo a oferta sobre a recadación de sancións, para os retantes ingresos, a porcentaxe a aplicar vai por tramos de recadación, que varía entre o 10% e o 18%, facéndose unha entrega a conta mensual.

A liquidación anual, con determinados axustes, é o resultado da aplicación das porcentaxes segundo o tramo de recadación acadado e a porcentaxe sobre as sancións. Desta contía, dedúcense as entregas a conta e os custes sufragados polo Concello polas notificacións.

No período de prorroga, hai que deducir tamén a contía anual da amortización dos activos asociados ao contrato que xa foron imputados no prazo ordinario do contrato.

VIII.- Cumprimento do previsto no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, LOEPSF

En relación coa proposta, o contrato está a ter un impacto positivo na recadación, agás o ano 2020, polas circunstancias excepcionais que xerou a pandemia da COVID19, todos os anos hai unha mellora na recadación.

Tamén hai un mellora no custe por euro recadado, baixando de porcentaxes do 25,06% ao 16,45%, que é o custe do ano 2019.

Táboa resume de xestión do contrato

ANO	TRIBUTOS	SANCIONS TRÁFEGO		RECARGO	INTERESES	TOTAL ANO	TOTAL FACTURACIÓN	
		EXECUTIVA	VOLUNTARIA				FACTURACIÓN	COSTE TOTAL
							euro/recadado	
2020	10.526.690,90	2.066.949,43	4.370.750,97	1.692.350,50	668.494,74	19.325.236,54	3.439.700,12	17,80 %
2019	13.831.709,98	2.434.360,36	3.012.260,78	2.258.437,22	1.387.823,03	22.924.591,37	3.771.176,88	16,45 %
2018	12.790.795,63	1.695.093,53	4.481.969,92	1.647.577,54	518.725,38	21.134.162,00	3.434.622,68	16,25 %
2017	11.429.108,49	1.624.098,88	4.144.234,57	1.605.765,46	490.477,14	19.293.684,54	3.803.522,42	19,71 %
2016	12.770.232,11	1.915.608,49	4.182.211,48	1.850.406,49	658.745,69	17.194.992,78	3.997.780,09	23,25 %
2015	12.328.899,44	2.144.859,69	2.996.066,30	1.710.702,79	751.558,57	19.932.086,79	3.741.109,77	18,77 %
2014	10.544.042,37	2.309.632,13	3.678.160,00	1.804.972,68	719.543,86	15.378.191,04	3.853.569,00	25,06 %
2013	12.987.784,01	1.971.947,22	4.136.688,00	1.707.426,11	599.408,98	17.266.566,32	4.081.157,03	23,64 %
2012	10.405.994,56	2.000.352,60	3.957.832,10	1.339.607,52	603.087,34	18.306.874,12	3.585.647,51	19,59 %

En relación cos fraccionamentos tramitados, tamén hai unha evolución positiva

2018: 1.588.283,49 euros

2019: 5.692.261,34 euros.

2020: 5.875.990,63 euros

Na actualidade, tamén se ten normalizado os procedementos de derivación responsabilidade con 56 expedientes tramitados no ano 2020, así como o exercicio de tercerías de dominio.

Por outra banda, tamén se acadou a excelencia no control dos procedementos concursais, notificando as débedas a favor desta administración en prazo e exercendo os dereitos que lle corresponden en relación coa cualificación das mesmas. En resumo, a execución do contrato está a ter un resultado moi positivo para os intereses municipais, quedando así xustificada a decisión e o cumprimento do previsto no artigo 7.3.

Incorpórase ao expediente, informe do Funcionario Recadador en vía Executiva, no que manifesta que os medios ofertados como mellora no sobre B e C, foron incorporados e postos a disposición deste Concello de forma satisfactoria.

PROPOSTA DE ACORDO:



Concello de Vigo

PRIMEIRO.- Prorrogar o contrato de colaboración dos servizos municipais de recadación na tramitación dos expedientes administrativos de recadación dos ingresos municipais de Dereito Público que se atopen no período executivo de ingreso, así como a colaboración na tramitación dos expedientes para a xestión administrativa e a recadación en período voluntario de ingreso das sancións impostas como consecuencia da tramitación de expedientes sancionadores en materia de tráfico, formalizado coa empresa SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U, por un prazo dun ano, segundo prórroga do contrato, por o período que vai entre o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro do ano 2022.

SEGUNDO.- A prórroga non altera ningunha das condicións orixinais do contrato, manténdose as mesmas porcentaxes a aplicar sobre a recadación e as mesmas entregas a conta.

TERCEIRO.- A retribución anual do contrato, verase axustada na contía da amortización, cuxo custe xa foi imputado ao prazo ordinario do contrato, polo que a liquidación anual, con determinados axustes, será o resultado da aplicación das porcentaxes segundo o tramo de recadación acadado e a porcentaxe sobre as sancións. Desta contía, dedúcense: i) os pagos a conta regulamentados no apartado 12 das FEC, ii) os custes pagados polo Concello polas notificacións e, iii) a contía das amortizacións previstas na oferta que ademais figuran como custes anuais.

En canto ao crédito necesario e suficiente para facer fronte ao gasto, a aplicación 9340.2270800, ten unha dotación suficiente para facer fronte ás obrigas que afloren en relación coa execución do contrato, tanto no ano vixente como no proxecto en trámite.

Así mesmo, as Bases de Execución do Orzamento, na Base 13ª, prevé como partida ampliable en función da recadación, a aplicación 9340.2270800, sempre relacionada coa recadación do concepto 39120, por recadación do exercicio corrente coma de exercicios pechados.

En consecuencia, a prórroga non engade carga orzamentaria suplementaria, sendo os créditos sinalados axeitados para que órgano competente adopte o acordo de prórroga.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(981).- DAR CONTA DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DAS TAXAS POR ANOTACIÓN REXISTRAL E MULTAS URBANÍSTICAS. EXPTE.13863/407.

Dáse conta do informe-proposta de data 19/10/2021, asinado pola técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos da Xerencia Municipal de Urbanismo e polo xerente da mesma, que di o seguinte:

A partir de xaneiro do ano 2000 os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo. Cando as taxas pola anotación preventiva no rexistro da propiedade, así como as multas urbanísticas non son ingresadas polos interesados no período voluntario, deben pasarse á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das seguintes liquidacións polas de taxas de anotación preventiva e multas urbanísticas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:

-Taxas de anotación preventiva:

Expediente 19622/423 (****414A e ****586C)	74,59 euros
Expediente 19414/423 (****180L)	180,65 euros
Expediente 18722/423 (****913N)	78,30 euros
Expediente 19487/423 (****196E e ****119E)	65,10 euros
Expediente 16670/423 (L****93Y)	106,80 euros
Expediente 17929/423 (****975K)	57,34 euros
Expediente 20110/423 (B****222)	102,46 euros
Expediente 16261/423 (****249Q e ****000T)	120,14 euros
Expediente 17944/423 (****719R)	66,89 euros
Expediente 19658/423 (****757M)	73,78 euros
Expediente 19143/423 (****030J)	75,81 euros
Expediente 17000/423 (****671E)	83,89 euros
Expediente 17272/423 (B****260)	73,27 euros
Expediente 16999/423 (****035P)	126,34 euros
Expediente 17442/423 (****053F)	153,30 euros
Expediente 18221/423 (****646E)	128,57 euros
Expediente 20692/423 (****482N)	159,34 euros

-Multas urbanísticas:

Expediente 19225/423 (****493K)	2.000,00 euros
Expediente 19225/423 (****493K)	5.000,00 euros

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.



Concello de Vigo

.- Expediente de contratación da prestación do servizo de do deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2022. Expte. 8982/335.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

26(982).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DO DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS MUNICIPAIS PARA A CABALGATA DE REIS 2022. Expte. 8982/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 28/10/2021, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

Con data 4 de Outubro de 2021 o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadana e Festas, ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para a contratación do servizo de deseño e produción de cinco carrozas municipais que tomarán parte na Cabalgata de Reis 2022 coa temática “**OS MUNDOS DE VERNE E AS VIAXES MÁXICAS**”, mediante tramitación **ordinaria**. No expediente consta:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 01/10/2021 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 4 de outubro de 2021
- Memoria económica, de data 26 de Outubro de 2021
- Documento económico, de data 27 de Outubro de 2021
- Memoria xustificativa, de data 26 de outubro de 2021, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta necesaria por tratarse dun procedemento aberto.

- Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
- Xustificación da división do contrato en 4 lotes (artigo 99.3 da LCSP).
- Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP. Polo que se refire aos custos laborais de produción, tomouse como base fundamentalmente o Convenio colectivo de eventos, servizos e producións culturais de Galicia, táboa salarial exercicio 2021. O orzamento base de licitación deste contrato determinouse considerando unha estimación dos custos de execución material da prestación de produción técnica de espectáculos, os gastos xerais e o beneficio industrial. Na estimación dos custos inclúense tamén os gastos derivados das obrigas de cotización a Seguridade Social por conta da empresa.
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
- Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
- Non se establecen tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2.ñ do RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67.5.f e 67.7.e RLCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 27 de outubro de 2021
- Informe do xervizo de contratación do 27 de outubro de 2021
- Prego de cláusulas administrativas do 27 de outubro de 2021

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, **proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de **deseño e produción de cinco carrozas municipais que tomarán parte na Cabalgata de Reis 2022 coa temática “OS MUNDOS DE VERNE E AS VIAXES MÁXICAS”**.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 27 de outubro de 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 27 de outubro de 2021 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.



Concello de Vigo

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación **67.600,00, €**, sendo o valor estimado do contrato de 55.867,77 € con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis).

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(983).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

MEF.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez